



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea
MEMORIA DE INVESTIGACIÓN

A cultura popular durante o franquismo: experiencias, disidencias e control social

Roi Poza Otero

Vº Bº Titor: Daniel Lanero Táboas

Santiago de Compostela a 22 de xullo de 2025

Resumo

O presente traballo abarca o estudo e análise do control social da ditadura franquista sobre o lecer e as manifestacións lúdicas na provincia de Ourense, enmarcado dentro dos ámbitos de sociabilidade informal. Un achegamento ao “día a día” destas poboacións e aos marcos e regulacións que os moldearon, que de forma directa ou indirecta nos transmiten información acerca das súas comunidades, do papel que os individuos adoptaron dentro delas, e das relacións e estratexias que xurdiron nas dinámicas co Nuevo Estado. O réxime franquista concibiu un complexo aparato lexislativo, que en boa medida se baseaba en anteriores códigos e regulacións. Unha extensa gama de normativas e proscricións cun ideal de control da ampla totalidade da poboación e que debuxará os obxectivos de vixilancia da ditadura, permitíndonos identificar as vías e mecanismos de poder empregados sobre a vida cotiá, pero tamén as formas nas que se exercen, a súa viabilidade e as posibles disidencias. En definitiva, buscamos entender a realidade da sociabilidade diaria na provincia de Ourense durante a ditadura franquista, debuxada a través das fórmulas de adaptación da poboación no seu encontro cos mecanismos de regulación social estatais.

Palabras chave: Franquismo, control social, sociabilidade informal, lecer, mundo rural.

Resumen

El presente trabajo abarca el estudio y análisis del control social de la dictadura franquista sobre el ocio y el ambiente lúdico en la provincia de Ourense, enmarcado dentro de los ámbitos de sociabilidad informal. Un acercamiento al “día a día” de estas poblaciones y a los marcos y regulaciones que los moldearon, que de forma directa o indirecta nos transmiten información sobre sus comunidades, del papel que adoptaron dentro de ellas y de las relaciones y estrategias que surgieron en las dinámicas con el Nuevo Estado. El régimen franquista concibió un complejo aparato legislativo que, en buena medida, se basaba en anteriores códigos y regulaciones. Una amplia gama de normativas y proscipciones, con un ideal de control de la amplia totalidad de la población y que dibujará los objetivos de vigilancia de la dictadura, permitiéndonos identificar las vías y mecanismos de poder dirigidos sobre la vida cotidiana, pero también las formas en las que se ejercen, su viabilidad y las posibles disidencias. En definitiva, buscamos entender la realidad de la sociabilidad diaria en la provincia de Ourense durante la dictadura franquista, marcada a través de las fórmulas de adaptación de la población en su encuentro con los mecanismos de regulación social estatales.

Palabras clave: Franquismo, control social, sociabilidad informal, ocio, mundo rural.

Abstract

The present dissertation covers the research and analysis of Francoist dictatorship's social control over leisure and ludic atmosphere in Ourense's province, framed within informal sociability's scope. An approach to the "day-to-day" of these populations and to the frames and regulations that moulded them which, directly or indirectly transmit information concerning their communities, the role they assumed within them, and the relations and strategies that arose from the dynamics with the Nuevo Estado. The Francoist regime conceived a complex legislative apparatus, which would be based largely on former codes and regulations. A wide range of regulations and proscriptions, with an aim of control of the wide totality of the population, that will lay out the objectives of surveillance of the dictatorship, allowing us to identify the ways and mechanisms of power used on everyday life, as well as in the manners in which they are exercised, their viability, and the possible dissidences. Ultimately, we seek to understand the reality of daily sociability in Ourense's province during the Francoist dictatorship, drawn through the adaptation formulas of the population in their encounter with the governmental mechanisms of social regulation.

Key words: Francoism, social control, informal sociability, leisure, countryside.

Índice

Introdución	1
1. A festa no franquismo	5
1.1. O papel das entidades locais na conformación dunha nova memoria	6
1.2. O cambio do calendario e as novas festividades. A creación dunha nova memoria e o control do ocio.	8
2. Control da sociabilidade diaria. Bares tabernas e cafés.	12
2.1. O control do espazo. Cacheos e rexistros a través das causas por “tenencia de arma”	14
2.2. O control do xogo.....	17
2.3. O control da libre expresión.	21
2.3.1. As Blasfemias.....	22
2.3.2. As Inxurias á autoridade.....	27
3. Control das festividades.	31
3.1. O papel das autoridades locais.....	31
3.2. Os Bailes, romeiras e fiadeiros	35
3.2.1. O control do espazo.....	37
3.2.2. O control das costumes: Os enfrontamentos intercomunitarios	38
2.2. O control das festas. O caso do Entroido.....	45
2.2.1. Entroido, unha celebración controvertida para o réxime	46
2.2.2. As prohibicións e sancións do ocio no entroido, nos primeiros anos do franquismo.....	48
2.2.3. Mudanzas para a década de 1950.....	51
3. Máis aló do ocio. O control do corpo feminino.	54
3.1. Da “muller moderna” á “nova muller” franquista. Modelos de feminidade.....	55
3.2. O control do corpo e da sexualidade feminina. Da II República ao Franquismo.	58
3.2.1. Os delitos de estupro. O control da sexualidade feminina no franquismo.	60
3.2.2. O delito de Aborto.....	67
Conclusións	71
BIBLIOGRAFÍA	73
FONTES PRIMARIAS	78
ANEXO TÁBOAS	82

Introdución

A festa, o lecer, e o uso lúdico do tempo libre, configura unha constante en tódalas sociedades ao longo do espazo e do tempo histórico, que non é allea ao período franquista en toda a súa extensión e da que dan boa conta numerosos estudos historiográficos¹. Unha perspectiva inmersa dentro investigación das actitudes sociais ante a ditadura franquista, que ten unha acollida crecente dende a década de 1990². O estudo “dende abaixo”, que nos permite achegarnos ás formas de relación das sociedades coa ditadura, de poder entender como se articulou o día a día das poboacións rurais baixo o réxime franquista. Perspectivas que parten dun nexos común na *Alltagsgeschichte* alemá, a partir do último terzo do século XX, e que contarían cunha importancia capital. Dende o propio entendemento das formas de estruturación dos réximes ditatoriais e como chegaron a abarcar tódolos ámbitos das sociedades do momento, ata as formas de relación e de adaptación a poboación nestas novas realidades. Visións e materias fundamentais no achegamento á ditadura, que moldearon o seu estudo tamén no caso do franquismo, xa que se ben en España tiveron unha acollida máis ben tardía, configuráronse como unha das liñas máis prolíficas de estudo da materia³.

De igual forma, cabe ter en conta as concepcións do “consenso” nos escenarios ditatoriais. Un concepto inicialmente recollido por Renzo De Felice na súa obra biográfica acerca da figura de Mussolini, que traía consigo un novidoso achegamento ás actitudes sociais baixo a ditadura fascista italiana. Unha visión entendida nun comezo coma unha forma de controvertido revisionismo, que infravaloraba a capacidade represiva do estado, pero cuxa potencialidade no estudo dos réximes ditatoriais pronto se puxo de manifesto. Debido a que o “consenso” entendido dende o interese pola lexitimación das novas estruturas estatais, pero tamén como unha forma de adaptación da poboación, aportaba unha profundidade inédita ao estudo. Unha visión que contribuíu ao afastamento fronte ao plano e simplista trinomio de *afectos*, *desafectos* e *indiferentes*, para cobrar importancia nunha investigación máis profunda, con perfís moito máis complexos e elaborados.

¹Neste ámbito observamos unha concepción claramente distintiva do réxime entre os estratos preeminentes da poboación e as maioritarias clases baixas. Dentro da liña clasista marcada polo franquismo dende un comezo, dunha diferenciación entre a sociabilidade das clases altas, que contaba cunha maior permisividade por considerarse máis segura, e a sociabilidade dos sectores populares, vistos cun maior receo e desconfianza, como un perigoso foco de actitudes e actividades subversivas. Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Universitat de València, Valencia, 2020, p. 312.

² Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, Editorial Comares, Granada, 2017, pp. 2-3.

³Cabana Iglesia, Ana, Hernández Burgos, Claudio, “Lidiar con el franquismo cotidiano. El concepto de Eigen-Sinn y las interacciones sociales en el contexto de una dictadura”, *Ayer*, No. 133, 2024, pp. 141-165.

A aplicación destas perspectivas aos casos do Estado español tomou unha grande forza a partir dos últimos anos da década de 1990, vencelladas ao estudo de numerosas materias, como as formas de asociacionismo dentro das instancias da ditadura, o papel das autoridades locais na construción do estado, ou ao mero ámbito festivo. Neste sentido, atendemos na actualidade a unha proliferación de investigacións que comparten ditas visións, que se cuestionan acerca do papel das sociedades en xeral, e das comunidades rurais en particular, baixo o xugo (e as frechas) da ditadura franquista. Analizan as fórmulas de convivencia e das estratexias que empregaron nun “día a día” ineludible, así como dos diferentes perfís que compoñían realidades tan diversas, nas que disidencia e participación non son fórmulas contrapostas nas máis das veces, senón dúas caras da mesma moeda. Neste sentido, atopamos a autores e autoras como Claudio Hernández Burgos, ou César Rina Simón, pero tamén a Gloria Román Ruiz, Zira Box e Óscar Lopez Acón, ou a Ana Cabana Iglesia, Tamara López Fernandez e Daniel Lanero Táboas para o caso galego. Acudimos, polo tanto, ao redescubrimento do individuo⁴, da súa experiencia, memoria e papel, nun horizonte máis aló da represión, o medo e o control violento e directo. Porén, ditos estudos non omiten estas realidades, senón que as integran en marcos que permiten unha visión máis xeral da diversidade de escenarios e actitudes, non necesariamente restrinxida a unha dicotomía forzada.

Neste sentido, queremos centrar o presente traballo en dito contexto dos estudos acerca da vida diaria da poboación, baixo a mirada constante do estado franquista, cun claro obxectivo de prestarlle unha maior atención ás prácticas de control social do Nuevo Estado no campo da sociabilidade informal, que podemos atopar nos contextos rurais da provincia de Ourense durante as dúas primeiras décadas da ditadura. Unha procura, a da dita sociabilidade informal, que si ben non se presenta como novidosa no absoluto dentro dos propios estudos historiográficos, si que ten un percorrido menor, e de menor produción que o estudo da sociabilidade formal. Neste sentido, a investigación acerca da sociabilidade organizada en institucións ou entidades, achega unha documentación directa máis extensa e dispoñible, mentres que as relacións informais diarias conforman un elemento máis difícil de rastrexar nas

⁴ Zira Box e Cesar Rina falan xustamente do “redescubrimiento del sujeto”, acerca das novas perspectivas abertas na historiografía da Guerra Civil, e da ditadura franquista. Box, Zira, Rina Simón, César, “El (re)descubrimiento del sujeto y el análisis de las experiencias. Nuevos enfoques transdisciplinares al estudio de la guerra civil y la posguerra”, *Historia Contemporánea*, No. 74, 2024, pp. 21-48

fontes, e que a miúdo se configuran a partir de referencias indirectas⁵. É unha labor que parte de premisas menos consolidadas, e que se trazan de xeito máis especulativo.

O presente traballo non se estrutura como unha guía totalizada da sociabilidade e do control social na provincia de Ourense das primeiras décadas da ditadura franquista. Pola contra, o que procuramos é un percorrido por diferentes configuracións destas relacións sociais, na medida na que se puideron levar a cabo e como se articulaban, así como o xeito no que entraban en contacto ou conflito coas autoridades do réxime, en tódolos niveis aos que nos podemos achegar a través das fontes documentais e da literatura académica.

Para realizar esta labor, comezamos inicialmente acudindo a diferentes arquivos municipais de concellos da provincia de Ourense, procurado documentación sobre festividades locais, rexistros documentais de contratacións de bandas de música, ou libros de multas que nos puideran guiar a través da realidade festiva e de control vivida durante as primeiras décadas da ditadura. Unha labor en boa medida infrutuosa, debido ao limitado deste tipo de arquivos e da documentación que neles gardan. Non obstante, a partir da consulta dos fondos do Arquivo Territorial Xudicial de Ourense, contaríamos cun volume documental de tal magnitude que condicionaría a propia formulación do traballo, e o redirixiría cara a súa actual estrutura. É deste tratamento con fontes fundamentalmente xudiciais que gaña un maior papel o análise da lexislación durante a ditadura, das súas continuidades ou mudanzas, e das formas nas que condicionarian a vida cotiá da poboación, dende a realización e obxectivos da norma ata a súa final aplicación.

Polo tanto, as fontes nas que se centra este traballo son fundamentalmente sentenzas e causas xudiciais ditadas nos xulgados de primeira instancia de toda a xeografía da provincia de Ourense, que abarcan unha ampla diversidade tipolóxica ao longo do período estudado. Neste sentido, achegámonos ao seu análise de forma máis xeral a través da lectura das causas recollidas nos *Libros de Sentenzas*, ao ser estes os fondos máis completos e que permitían unha maior accesibilidade para o seu estudo. Isto, á súa vez, sen ter que comezar o análise a través dun cribado tipolóxico das causas recollidas nos *Libros de rexistro xeral de causas* da audiencia —que superan o milleiro de casos anuais—, nos que perderíamos moita información indirecta recollida baixo unha clasificación ambigua. O achegamento a causas tan comúns como as amparadas baixo as etiquetas de “Lesións” e “Morte”, farían inviable unha busca

⁵ Uría González, Jorge, “Sociabilidad informal y semiótica de los espacios. Algunas reflexiones de método”, *Studia historica. Historia contemporánea*, No. 26, 2008, pp. 177-212.

pormenorizada neste nivel, de non ser a través das posibilidades das sentenzas xudiciais. Neste sentido, realizamos ata cinco táboas nos que se reflexan os delitos recollidos pola Audiencia de Ourense na totalidade dos partidos xudiciais da provincia, polas datas de 1940, 1945, 1950, 1955 e 1960 (*Anexo Táboas 1-5*). Nestes podemos atopar o amplo rexistro delituoso efectuado en anos seleccionados das dúas primeiras décadas da ditadura, e a importancia cuantitativa de cada unha das causas que se recollerán posteriormente no presente traballo.

Volvendo ao uso das sentenzas, a falta e desaparición ou inaccesibilidade de boa parte das causas máis antigas, anteriores a 1945, leva ao análise inicial destes documentos a constituír non só a fórmula máis viable de traballo, senón a única dispoñible. Nos casos da falta de información ou datos das propias sentenzas, esta é mitigada coa consulta dos expedientes das causas xudiciais —naqueles casos nos que foi posible—, que recollen dende a propia descrición dos feitos, a informes policiais e da corporación municipal, ou declaracións xuradas dos veciños entre outros datos, parte dunha metodoloxía de traballo viable a partir do cribado inicial. Estas fontes permiten achegarnos non só á propia narrativa dos casos estudados e á mera concatenación de sucesos, senón que se erixen como unha evidencia dos obxectivos de control do réxime, das fórmulas empregadas para tal fin, do papel asumido por veciños e poderes locais neste respecto e da propia importancia cuantitativa e cualitativa das accións ou disidencias castigadas.

Tamén acudimos á consulta doutras fontes máis aló daquelas directamente relacionadas cos rexistros da Audiencia Provincial de Ourense. Neste sentido foron importantes as entrevistas orais a veciños do concello de Maceda, acerca da celebración do entroido no ámbito das parroquias rurais, ou a consulta de fotografías do entroido da vila de Xinzo de Limia dende finais da década de 1940. O que nos permitiu un achegamento directo á realidade relacionada co entroido na provincia, cuxo rastrexo nos primeiros anos da ditadura é complexo, pese a súa ampla presenza. Por outra banda, contamos coas consultas da prensa do período, máis como unha forma de apoio na que documentar as consideracións da moral e do comportamento ideal do momento; ou a consulta do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, especialmente dos fondos de permisos de bailes ou multas pola súa celebración, que permitiron outra forma de achegamento directo ao control por parte do réxime franquista. Estes eran eventos cunha ampla presenza nas celebracións e no ámbito de lecer da provincia, tanto no mundo rural como urbano, e cuxa vixilancia comportaba unha prioridade para a ditadura.

1. A festa no franquismo

As festividades, así como outros métodos de ocio, ou en xeral calquera forma de relación social durante o franquismo, non sen entenden sen comprender as mudanzas que o réxime estableceu durante o seu período. Os novos valores morais e de comportamento que procuraron, ou as formas de control social que se instauraron durante a Guerra Civil e posteriormente na ditadura, moldearon os comportamentos sociais, sen esquecer outros condicionantes como o económico. Tamén as propias dificultades dos sectores militares por impoñer a súa autoridade nun primeiro momento do golpe —que desencadearía no conflito civil—, e a necesidade de lexitimación ante a poboación, contribuíron na busca continua do control da narrativa imperante. Para dita labor, contaron co emprego dun amplo conxunto de medios, dende a violencia física e outras formas de represión, ao control da meirande parte das vías de información. O discurso conformado para a validación da sublevación —imposta a través das armas pola súa mera natureza militar—, converteu a Guerra Civil nunha cruzada contra o inimigo, caracterizado como a anti-España, un ente de procedencia estranxeira e contrario á moral e tradición católica.

Para o ano 1939, xa rematado o conflito, este proceso de mitificación aceleraríase coa consolidación da narrativa predominante, imposta polo antigo bando sublevado⁶. Era a constitución da nova España, do estado que se fixera coa vitoria militar no conflito e que articularía toda un conxunto de prácticas simbólicas, como as oracións aos caídos “Por Dios y por España”, o levantamento de monumentos e as diversas celebracións e desfiles⁷. A conformación dunha “cultura da vitoria”, especialmente presente na década de 1940, para consolidar internamente ao Novo Estado e a súa heteroxénea base social e que contaba cunha grande presenza na España da posguerra. Identificada por Carlos Fuertes Muñoz como unha nova identidade colectiva dos vencedores do conflito, buscando a participación activa da cidadanía⁸. Unha sorte de aglutinante na nova sociedade franquista, atopado en producións musicais e literarias, en novas festividades e días nacionais, ou en discursos e desfiles enarborados na constitución dunha lexitimidade da que precisaban as novas autoridades.

⁶ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 258-259.

⁷ Box, Zira, *España, año cero. La construcción simbólica del franquismo*, Alianza Editorial, Madrid, 2010, pp. 56-57.

⁸ Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, pp. 31-33.

A ditadura exercería un grande papel no proceso de nacionalización da poboación, que no ámbito de creación da nova cultura nacional configuraríase unha nova linguaxe e narrativa, á vez que un catálogo de símbolos e un novo calendario festivo. Unha labor na que o estado contaría co apoio de institucións como a igrexa católica, un dos maiores colaboradores neste proceso⁹. Porén, autores como Claudio Hernández Burgos destacan o papel da sociedade, mesmo en rexímenes tan restritivos como a ditadura franquista, para interpretar as novas narrativas. Por todo isto é que se fai necesaria a perspectiva local, do cotián, para o análise das interaccións entre as imaxes proxectadas polo réxime e a poboación¹⁰. A través das diferentes festividades e celebracións, e do exercicio crucial de entidades e autoridades locais, máis aló dun mero e estrico papel de intermediarios entre o estado e os cidadáns.

1.1. O papel das entidades locais na conformación dunha nova memoria

A conformación das novas entidades municipais nos territorios controlados polos sublevados foi unha realidade desigual e, en boa medida, caracterizada por un importante grao de improvisación. Partindo da clara base da falta de alternativa política dos militares sublevados, o obxectivo primordial —tras a consolidación do golpe militar e o freo das conxuracións dos sectores populares organizados— era a expulsión das figuras e axentes esquerdistas dos postos de mando¹¹. Un fin que atopamos recollido con carácter oficial no *Boletín Oficial del Estado* do 3 de novembro de 1937¹² —no que se procura organizar a articulación e recomposición das administracións locais e provinciais—, pero que se leva a cabo dende o mesmo comezo da sublevación militar. A diversidade da configuración das corporacións municipais galegas, e as diferentes actuacións para cos rexedores locais, debuxaron un mapa heteroxéneo que establecera o territorio galego como unha sorte de campo de probas na súa condición de retagarda¹³.

⁹ Hernández Burgos, Claudio, “Franquismo suave: El nacionalismo banal de la dictadura”, en Alejandro Quiroga Fernández de Soto e Ferrán Archilés Cardona (Eds.), *Ondear la nación. Nacionalismo banal en España*, Comares, Granada, 2018, pp. 141-142.

¹⁰ *Ibidem*, pp. 142-144.

¹¹ Prada Rodríguez, Julio, Grandío Seoane, Emilio, “La gestión del poder local: viejas y nuevas élites”, en Julio Prada Rodríguez (Dir.), *No sólo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2014, pp. 31-33.

¹² “Reglas para la organización de las Corporaciones municipales y provinciales”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 379, 3 de Novembro de 1937, pp. 4156-4157.

¹³ O novo organigrama establecido polos sectores sublevados, nas administracións locais controladas nas primeiras semanas e meses da contenda, caracterizouse por conformar un mapa desigual e a diferentes tempos. Neles aparecerían estruturas como as “gestoras municipales” cun “delegado civil” ao seu cargo. Presas Sobrado, Adrián, “Cuando el vecino no elegía al alcalde: la selección de los poderes locales”, en Lourenzo Fernández Prieto

Pese as diferenzas na súa temperá formación, as novas xestoras municipais alí onde os sublevados se facían co poder, contaban cunha das súas primeiras accións as modificacións dos rúes locais, procurando o borrado das pegadas da República, ao tempo que se levaba a cabo o proceso de purgado da poboación¹⁴. Posteriormente aparecerán os monumentos e placas, así como outras conmemoracións da vitoria militar. Con todo isto, acudimos a unha reconfiguración do espazo público fundamental na formación do Novo Estado. Un proceso levado a cabo tanto nas urbes, capitais provinciais e grandes vilas, como nos lugares do ámbito rural.

Esta proliferación de medidas memorialistas serían pronto organizadas dende o estado. Xa para comezos do ano 1938 conformaríase a Comisión de Estilo en las Conmemoraciones de la Patria, como un primeiro intento de regular a implantación dos memoriais, dende estatuas e outras estruturas, ata as meras placas instaladas en paredes e monumentos ou a toponimia das rúas. Sería para agosto do ano seguinte cando estas competencias migrasen ao Ministerio de Gobernación, primeiro á xefatura do Servicio Nacional de Propaganda, para pasar posteriormente á Vicesecretaría de Educación Popular¹⁵. Permitíndonos comprobar a preocupación dos estratos superiores da ditadura, no control sobre a articulación da memoria do réxime. Da elaboración dunha narrativa e dun arte militante, que se plasmaba maioritariamente en dúas formas diferenciadas: como lembranzas dos caídos ou exaltacións da vitoria.

Estas representacións, en tódalas súas formas —que xa vimos con anterioridade—, chegarían á totalidade das poboacións españolas, sen ser os núcleos rurais galegos unha excepción. Deste modo, condicionarían o día a día dos seus cidadáns de diferentes formas. Un exemplo disto podémolo atopar na pequena vila de Esgos, un concello rural pertencente á comarca de Ourense no seu extremo oriental, limítrofe coas circunscricións de Allariz-Maceda e Terra de Caldelas. Nas copias das sesións ordinarias do consello local da falanxe deste

e Francisco J. Leira Castiñeira (Eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras*, Universitat de València, Valencia, 2023, p. 275.

¹⁴ Peter Anderson destaca a importancia que supón a militancia previa da poboación na súa nova acollida no estado debuxado polos sublevados, dentro da busca franquista de delimitar entre aliados e opositores. A través do análise dos certificados de boa conducta, e das denuncias realizadas polos patróns aos seus traballadores na Málaga nacional de 1937, Anderson destaca a militancia como o factor con maior peso na discriminación da poboación —mesmo por riba de cuestións como se loitaron no bando republicano—, nun proceso que se articula dende o escenario local e no que a participación da veciñanza é chave. Anderson, Peter, “¿Amigo o enemigo? La construcción de la verdad franquista sobre el pasado en guerra tras la ocupación”, en Oscar Rodríguez Barreira (Ed.) *El Franquismo desde los márgenes: campesinos, mujeres, delatores, menores*, Edicions de la Universitat de Lleida, Lleida, 2013, pp. 77-92.

¹⁵Vázquez Astorga, Mónica, “Los monumentos a los caídos: ¿un patrimonio para la memoria o para el olvido?”, *Anales de Historia del Arte*, No. 16, 2006, pp. 289-290.

municipio aparece, para o ano 1966, a proposición do arranxo dun campo denominado como a “Souteira”, co fin de levantar uns xardíns que resalten o monumento aos caídos que xa existía na finca¹⁶. Unha modificación do territorio que sería fundamental na evolución urbana do lugar, sendo na actualidade a Praza da Souteira, o centro da vila e o espazo no que se atopa a Casa do Concello, inaugurada no verán de 1986¹⁷. Da mesma forma, a Souteira converteuse no espazo no que, durante décadas, se celebraron as festas patronais, dispoñendo postos e atraccións durante datas concretas. A cotiandade dunha poboación tan pequena como a de Esgos, e doutras aldeas inda menores —das minúsculas entidades de poboación repartidas ao longo da xeografía galega—, levábase a cabo ao carón de placas da falanxe, ou monumentos aos “caídos por España”. Elementos básicos na construción dun novo réxime de memoria, na procura de consolidar as narrativas e mitos franquistas. Ao mesmo tempo, moitas das obras públicas, arranxos de camiños, construcións de fontes e lavadoiros, etc., foron impulsadas dende os sectores das xefaturas locais da FET de las J.O.N.S. Obras que deixaban unha clara impronta na paisaxe e día a día das poboacións locais, reproducindo iconografías asociadas ao réxime.

Polo tanto, non podíamos incidir no control activo que levou a cabo a ditadura franquista, de festividades e lugares de ocio —en maior ou menor medida e con mellor ou peor resultado—, sen resaltar antes a importancia da presenza simbólica do estado franquista, ao longo da xeografía ourensá, galega e española.

1.2. O cambio do calendario e as novas festividades. A creación dunha nova memoria e o control do ocio.

Da mesma forma que se modificaron e controlaron os discursos e prácticas do día a día, ao paso dos exércitos sublevados, tamén o fixeron celebracións e festividades. Estas, así como outras formas de ocio e divertimento da poboación, foron un espazo claramente complexo para a ditadura franquista, especialmente durante as súas primeiras décadas. O ocio é unha parte fundamental de calquera sociedade e de cada un dos individuos que a conforma. Parte das súas xornadas e cun oco nunha infinidade de escenarios e ocasións, dende as grandes festividades urbanas e rurais, ata as partidas de cartas nas tabernas, ou os xogos nos fogares. Non obstante, tamén se pode conformar nun potencial perigo, especialmente aquel articulado polos sectores

¹⁶ Arquivo Municipal de Esgos, Fondo Consejo Local del Movimiento, Arquivador 283, Carpeta 3.

¹⁷ “Mil seiscientas personas invitadas hoy en Esgos al “Día do Concello””, *La Voz de Galicia*, 26 de agosto de 1986, p. 22.

populares, que configuraban, a ollos do réxime, un potencial foco de insurrección e de roturas dos valores que as autoridades franquistas buscaban impor.

Por outra banda, as festas e celebracións eran claras fontes de lexitimidade que o franquismo, ao igual que os demais réximes nazi-fascistas ou fascistizados europeos, non dubidaron en empregar. A participación das masas axudaba ao fortalecemento e consolidación destes sistemas¹⁸. Neste sentido, son coñecidas as mudanzas que levou a cabo a estrutura franquista en relación ao calendario, especialmente activa no proceso de resignificación cultural, cun ámbito moi marcado nas festas. Polo que sería común a creación de novas datas e celebracións, á vez que se intentaba modificar as existentes, e que se complementaba coa prohibición daquelas cun difícil encaixe na narrativa Nacional-Católica¹⁹.

O control das festividades estableceuse, polo tanto, como unha das vías de acción na construción do Novo Estado franquista. Para o mes de marzo de 1940 promulgáronse as novas normas polo que se determinaba os días festivos do ano, a súa tipoloxía e as obrigas dos traballadores durante estas xornadas²⁰. Organizados en tres categorías, atopamos en primeiro lugar os domingos de cada semana, que xa contaban cunha lexislación específica para a regulación do descanso dominical²¹. En segundo lugar, recollen ás festividades relixiosas, entre celebracións de ámbito estatal e aquelas exclusivamente municipais. Finalmente, chegamos ás festividades nacionais, divididas de novo en dúas tipoloxías diferenciadas entre absolutas e oficiais, coas obrigas para o descanso dos traballadores marcando o punto de corte. Mentres celebracións oficiais como o 2 de maio ou o 20 de novembro —as únicas que configuraban esta sección— eran días non laborables só para as oficinas públicas; as festividades nacionais absolutas, como a festa da Unificación ou do Traballo Nacional, eran asimilables a un domingo no relativo á organización do descanso. A maiores, as festividades do Santiago Apóstolo e a Inmaculada Concepción eran consideradas tanto relixiosas como nacionais.

Esta división do calendario festivo, recollida na norma asinada por Ramón Serrano Suñer como ministro de gobernación, formula no seu preámbulo a importancia da reivindicación dos

¹⁸ Rina Simón, Cesar, “Cultura y ritos festivos. En torno a la legitimidad sacro-popular en la dictadura franquista”, en Cesar Rina Simón (Coord.), *El franquismo en caleidoscopio. Perspectivas y estudios transdisciplinares sobre la dictadura*, Comares Historia, Granada, 2020, pp. 63-64.

¹⁹ Ídem.

²⁰ “Orden de 9 de marzo disponiendo el calendario de Fiestas Oficiales”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 73, 13 de marzo de 1940, p. 1767.

²¹ O descanso dominical xa contara con diferentes regulacións ao longo do primeiro terzo do século XX, e o Novo Estado contribuiría tamén posteriormente a esta regulación coa lei do 13 de xullo de 1940, relativa ao descanso dominical, promulgada no día da Festa del Traballo Nacional do mesmo ano. “Ley 13 de julio de 1940 relativa al descanso dominical”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 200, 18 de xullo de 1940, pp. 5000-5003.

preceptos da igrexa —ineludibles dentro dun estado católico—. Estes recollen tanto ás tradicións nacionais e populares como a as novas datas do Movemento, pese a non facer distinción entre as celebracións de carácter nacional previas á Guerra Civil e as instauradas con posterioridade. Neste sentido, a autora Zira Box divide o novo calendario festivo franquista en tres categorías chave²²: festividadeas relixiosas, datas de celebracións do estado tradicionais (como o 2 de maio ou o 12 de Outubro, o día da raza), e as novas conmemoracións do Movemento Nacional. Unha separación tipolóxica, pese que en todas elas vamos a atopar as mesmas reivindicacións e narrativas en pro do réxime.

Outro punto a destacar no relativo á nova normativa de marzo de 1940 é que se ben se recolle de forma conxunta para esta data, en moitos dos casos as mudanzas producíranse dende o comezo da guerra, tamén a nivel das regulacións, dirixidas dende as instancias gobernativas das tropas sublevadas²³. Un exemplo claro é o caso da reinstauración da ofrenda ao apóstolo Santiago, que tras o seu abandono coa chegada da II República, volvería de forma efectiva para o 25 de xullo de 1936, só cinco días despois de que os sublevados se fixeran co control da VIII División Orgánica²⁴.

Polo tanto, o estado militar establecido após do golpe de estado de 1936, e a ditadura franquista na que se remataría convertendo, configuraron un novo e distintivo calendario festivo, como vimos ata o momento. No que se dispuxeron de novas datas de celebración, se restableceron festividadeas excluídas durante a II República, e se modificaron anteriores datas para adaptalas ao novo panorama político, así como ao modelo moral e de valores deste. Unha visión que conformaría un modelo dual acerca das festividadeas celebradas. Por unha banda, abarcaría aquelas que contaban cunha aceptación formal dende as autoridades do réxime, xa foran celebracións instauradas por vez primeira, como aquelas reinstauradas após dun proceso de reconfiguración en maior ou menor medida, dependendo do controvertidas e transgresoras que se estableceran para o réxime. Por outra banda contamos con aquelas que serían directamente prohibidas e expulsadas do espazo público, que en moitas ocasións non chegarían a desaparecer, senón que se reconducirían e adaptarían a unha situación de semiclandestinidad, ao tempo que eran en parte reinterpretadas e adaptadas polas autoridades.

²² Box, Zira, *España, año cero. La construcción simbólica del franquismo*, Alianza Editorial, Madrid, 2010, pp. 240-241.

²³ Ídem.

²⁴ A ofrenda ao apóstolo foi realizada na catedral de Santiago de Compostela o día 25 de xullo de 1936 por Ramón Fabeiro Vigo, unha figura preeminente na cidade, no seu papel de presidente da Archicofradía del Glorioso Apostol Santiago. “El Patrón de España. Fiesta de la pacificación”, *La Voz de Galicia*, 26 de julio de 1936.

As novas celebracións nacionais entraron dentro das conmemoracións da vitoria, que xogaban un importante papel dentro dos actos públicos levados a cabo durante a ditadura. Festividades e actos cunha planificación moi marcada por parte das autoridades civís, que buscaban promocionar e incrementar a participación cidadá nestas efemérides. Unha labor que se cumpríu, en moitas ocasións, vencellando estas datas á inauguración de obras públicas ou ao reparto da paga extra, este último foi o caso da celebración da festividade do “Trabajo Nacional” do día 18 de xullo²⁵, para o recordo do “Glorioso Alzamiento Nacional”. Estas festividades, lembranzas directas da Guerra Civil e do vencedor resultado para o Bando Nacional, entrarían en decadencia para finais da década de 1940, e durante os seguintes decenios a participación popular nos desfiles e a implicación da sociedade decaería, independentemente do nivel de adscrición ao réxeme²⁶.

Por outra banda, festividades como a das Fallas de Valencia constitúen un claro caso da reforma e adaptación levada a cabo polo franquismo, nunha data que resultaba máis complicada de reconducir cara unha narrativa axeitada. Froito da propia deriva desta festa durante o primeiro terzo do século XX, e da desacralización acelerada da poboación valenciana durante os anos 30. Porén, a partir de 1939 configuraríase unha nova festividade, amparada dende o concello da cidade e cun grande compoñente de simboloxía franquista, que a súa vez percorrería unha evolución interna. Dende os cantos do *Cara al sol* e o saúdo romano ao finalizar os festexos, a comezos da década de 1940, a “rituais onde se mesturaba a adhesión ao Caudillo coa exaltación españolista do folclore local”²⁷ en anos posteriores. Da mesma forma, a ofrenda floral á virxe dos desamparados, unha tradición *ex novo* que se ven realizando dende 1945 —se ben xa contaba con precedentes na festa da Clavariesa, a partir de 1941—, configuraríase rapidamente como un dos máis importantes reclamos desta festividade, totalmente inmersa na liña das grandes representacións relixiosas demostradas polo nacional-catolicismo²⁸.

Finalmente, no referido ás celebracións prohibidas pola ditadura podemos encontrar exemplos de difícil reconversión, como a festividade do 14 de abril. Unha celebración efémera e de claro compoñente político, vencellada de forma indivisible á memoria republicana. Tamén

²⁵Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, pp. 46-47.

²⁶ Ibidem, pp. 47-48.

²⁷ Hernández I Martí, Gil-Manuel, “Las Fallas de València bajo el franquismo. La reinención integral de una fiesta”, en Claudio Hernandez Burgos e Cesar Rina Simón, *El franquismo se fue de fiesta. Ritos festivos y cultura popular durante la dictadura*, Universitat de València, València, 2022.

²⁸ Ibidem, pp. 129-130.

atopamos ao entroido nesta lista, e que chega a conformar un dos exemplos paradigmáticos desta supresión, pero configurándose como un reto moito maior para as autoridades franquistas. Debido a que esta era unha celebración tradicional, cun papel moi claro no calendario das comunidades rurais, pero tamén cunha importante presenza nos núcleos urbanos. Conformaba unha festividade de moi extensa implantación, e cunha base social transversal en tódolos ámbitos. Pero ao mesmo tempo era unha celebración baseada na reivindicación simbólica de transgresións morais, un tempo de desinhibicións e de ridiculización das autoridades, facilitado pola relativa clandestinidade que aportaba o emprego de disfraces e perrucas. Non obstante, en moitos casos, as aplicacións das restricións do entroido van variar dependendo das autoridades locais de cada lugar, máis aló da paulatina permisividade que vai gañando a festividade co paso das décadas.

Polo tanto, podemos chegar a apreciar ata que punto, durante o período ditatorial, o ocio e o ambiente lúdico estaba marcado por un conxunto de condicionantes, que o supeditaban en boa medida aos preceptos morais e políticos das novas autoridades. As grandes celebracións, e as respostas das autoridades franquistas ante estas, configuran un bo marco de entrada para comezar a estudar as actitudes ante o ocio durante a ditadura. Porén, mostran son só unha pequena parte dos mecanismos de control e actuación do réxime, que se revelan máis complexos ao estudo integral do ocio e das actitudes sociais no día a día.

2. Control da sociabilidade diaria. Bares tabernas e cafés.

Bares e tabernas constituíron durante comezos do século XX espazos de ocio e encontro social vencellados ao xénero masculino. Lugares de recreo fundamentais para as clases populares, inmersas en ambientes de desinhibición e desaforo acentuados á súa vez polo consumo de bebidas alcohólicas. Do mesmo xeito, conformáronse como espellos das problemáticas do alcoholismo nestas sociedades, así como epicentros da súa marxinalidade, constituíndo perigosos focos de disidencia e subversión. Por todo isto, o seu control era coordinado dende as institucións do Novo Estado, con mecanismos como as Juntas Municipales de Saneamiento y Buenas Costumbres, creadas para 1942. Mais este control tamén

era levado a cabo pola propia poboación, na forma da “autovixilancia” e denuncia, establecida entre os mesmos veciños das comunidades²⁹.

Formas de presión á poboación, das que esta era plenamente consciente as máis das veces, e que lle repercutiría fondamente. Un exemplo podémolo atopar nunha sentenza de 1941, a propósito dunha discusión no interior do café de Vilar de Barrio—coas posteriores agresións xa na rúa—, entre tres mozos da aldea de Seiró (Vilar de Barrio). O conflito comeza debido ás acusacións que un deles verte contra os outros dous, “estes son los espías del pueblo”, como se trata na sentenza³⁰. Pola pouca información que recolle o informe—centrada en documentar os feitos das lesións que conforman o delito en si— así como pola desaparición da causa á que fai referencia, non podemos coñecer que intencionalidade tiñan estas palabras. Poden conformar unha denuncia pública de dous enlaces das forzas policiais, de enlaces da oposición interna ao réxime, ou mesmo de acusacións infundadas por anteriores resentimentos. Non obstante, si que da conta en boa medida da existencia dunha tensa realidade de desconfianza en beneficio do réxime.

Como xa vimos con anterioridade, o novo réxime franquista desenvolveu dende o seu comezo, unha busca pola recondución dos comportamentos da poboación nos espazos públicos. É neste sentido que atopamos a consecución dunha forte regulación do día a día. Establecementos como tabernas, cafés e bares, ou en eventos como os bailes, foron claros e rápidos obxectivos desta política. Xa eran considerados con anterioridade como posibles focos problemáticos, ante os que cabía endurecer a vixilancia na medida posible. Porén, esta levábase a cabo en tódolos ámbitos da vida pública, con restrición á expresión como a que conformaron os delitos de blasfemias, así como de insultos ou inxurias ás autoridades —en especial á propia persoa de Franco—. Faltas que, se ben son frecuentes en espazos de sociabilidade construídos ao redor do consumo de bebidas alcohólicas —pola propia desinhibición que estas aportan—, danse en tódolos contextos do día a día³¹.

O control destes centros de socialización por parte do franquismo pódese atopar xa na mera regulación legal da época. Dende aquela referida aos horarios de apertura e peche, aos diferentes condicionantes e prohibicións de acceso impostas polo réxime e ata ás restricións

²⁹ López Fernández, Tamara, “De tascas y tabernas. Espacios de ocio ilícito en el Lugo franquista”, en Claudio Hernandez Burgos e Lucía Prieto Borrego (Eds.), *Divertirse en dictadura. El ocio en la España franquista*, Marcial Pons, Madrid, 2024, pp. 182-183.

³⁰ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1941, sentenza do 27 de xuño de 1941.

³¹ González Martínez, Carmen, Ortiz Heras, Manuel, “Control social y control policial en la dictadura franquista”, *Historia del presente*, No. 9, 2007, p. 30.

aos donos dos locais á hora de conseguir unha licencia de apertura. Os bares e tascas frecuentadas polas clases populares eran espazos complicados. Pese ao seu alto número, e importante presenza nas sociedades rurais e urbanas, podían configurar obstáculos para a consecución dos obxectivos do Novo Estado. Razón pola cal se estudaban os antecedentes de donos e rexentes, na procura de coartar calquera forma de disidencia dende un comezo³². É tamén unha das vías nas que se plasma a importancia dos poderes locais no control social da ditadura, debido a que os informes que caracterizaban a boa e mala conduta dos individuos partían tanto da alcaldía, como da comandancia local da Garda Civil (no caso do rural). Nestes documentos recollíase tanto a adhesión coñecida do solicitante ao Glorioso Movemento Nacional (destacando os casos nos que contara con militancia en partidos e organizacións de dereitas con anterioridade ao golpe de estado), como a súa boa ou mala moral e conduta, e os posibles antecedentes penais³³.

Desta forma, cobran importancia tanto a propia regulación legal como as infraccións que aparecen relatadas na documentación do período. Sendo posible trazar o paso deste control social a través de toda unha diversidade de causas penais, que en moitas ocasións nos mostran de forma indirecta as actuacións das autoridades policiais, a través de rexistros, cacheos ou outro tipo de procesos administrativos e penais.

2.1.O control do espazo. Cacheos e rexistros a través das causas por “tenencia de arma”

As armas de fogo configuraron —e configuran— un elemento sumamente perigoso, tanto para a integridade física dos individuos a nivel persoal, como para a o mantemento dunha paz social efectiva. Calidade dupla que marcaría o seu control e observancia coercitiva durante todo o século XX. Foi o Código Penal de 1928 o primeiro texto legal que, en base á lexislación precedente, tipificou como delito a mera tenencia de armas, se ben estas xa contaban con disposicións especiais acerca da súa posesión e emprego con anterioridade ao século XIX. O seguinte Código Penal, aprobado para 1932, non recollía á “tenencia de armas” como delito, mais a República si que contaban dunha lexislación específica para a súa regulación. Por mor do perigo da axitación social, o control das armas estivo presente durante todo o período republicano, a partir dun inicial un decreto fechado en agosto 1931, convertido posteriormente en lei para o ano seguinte, e reforzado co endurecemento das penas en 1934. Desta forma, coa

³² Lopez Fernandez, Tamara, “De tascas y tabernas. Espacios de ocio ilícito en el Lugo franquista”, pp. 192-194.

³³ AHPOU, Fondo Permisos de Bailes Públicos, caixa 5420.

aprobación da *Ley relativa a la tenencia de armas de fuego* do 22 de novembro de 1934, atopámonos cun texto moito máis restritivo que o inicial proxecto presentado en xullo do mesmo ano, como consecuencia directa da Revolución de Outubro³⁴. Estas regulacións foron posibles no caso do Estado español, xa que como afirma David Castro Liñares, aquí non chegaría a existir un dereito de posesión e porte de armas de fogo recoñecido como tal, senón un dereito á concesión da licenza de armas, xa de por si sometida a toda unha serie de regulacións e condicionantes³⁵.

Coa chegada do franquismo observamos unha continuidade no emprego da lexislación republicana, visible nas numerosas causas xudiciais de “tenencia ilícita” previas á aprobación do Código Penal de 1944, que fan referencia a xa citada lei do 22 de novembro de 1934. É a partir de xaneiro de 1945 cando se comeza a aplicar unha lexislación específica, que reforzará as penas no referido á mera posesión³⁶.


Pese ás regulacións, a provincia de Ourense durante as primeiras décadas da ditadura era un territorio cunha común e ampla presenza de armas de fogo. Neste sentido, podemos recorrer á evolución dos casos nos rexistros da Audiencia de Ourense, que recolle á totalidade dos partidos xudiciais da provincia. Uns datos que pese a non revelar a magnitude real do fenómeno, si que nos permite considerar unha certa cotiandade no porte e uso de armas, así como mostran a preocupación e persecución deste fenómeno por parte das autoridades.

³⁴ Cruz Blanca, María José, *Régimen penal y tratamiento jurisprudencial de la tenencia ilícita de armas*, Dykinson, Madrid, 2005, pp. 21-23.

³⁵ Castro Liñares, David, “La pena de privación del derecho a la tenencia y porte de armas”, en Patricia Faraldo Cabana e Luz María Puente Alba (Dirs.), *Las penas privativas de derechos y otras alternativas a la privación de libertad*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, p. 255.


³⁶ O endurecemento dos castigos no Código Penal de 1944, fronte ao anterior texto republicano, estivo marcado polo paso de penas de prisión menor no seu grao mínimo ao de prisión menor no caso de tenencia de armas legais. Pola súa parte, a tenencia de armas ilegais constituía unha forma diferente de delito, que pasou de ser castigada con prisión menor en grao máximo, a prisión maior. “Ley relativa a la tenencia de armas de fuego”, *Gaceta de Madrid*, No. 331, 27 de novembro de 1934, pp. 1612-1613, e “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, pp. 427-472.

Casos de "Tenencia de armas de fogo" na provincia de Ourense



Gráfica 1. Fonte: Arquivo Xudicial Territorial de Ourense, Libros dos rexistros xerais de causas de 1940, 1945, 1950, 1955 e 1960. Elaboración propia.

Casos de "Tenencia de armas de fogo" na provincia de Ourense con respecto ao total das causas rexistradas



Gráfica 2. Fonte: Arquivo Xudicial Territorial de Ourense, Libros dos rexistros xerais de causas de 1940, 1945, 1950, 1955 e 1960. Elaboración propia.

Polo que atopamos nas causas, esta tenencia era maioritariamente masculina, e presente nun amplo rango de idade, mesmo por mozos que non chegan nin a maioría legal. O estendido do emprego destas armas tamén é patente nos diversos espazos nos que son intervidas polas forzas policiais franquistas, cunha correspondencia directa na propia variedade de lugares de

socialización do rural. Dende camiños, fincas e outros espazos de traballo, os propios fogares dos individuos, ata en cafés, bares e tabernas. É neste respecto que nos interesa o estudo da propia “tenencia de armas” como delito punible, no referido a que imaxes recollen das sociedades rurais a través das causas xudiciais, e en como mostran, de forma indirecta, o control da ditadura franquista sobre os espazos de ocio e recreo destas comunidades. Deste xeito, podemos atopar constantes intervencións da garda civil en bares e tabernas, realizando rexistros tanto do propio local como da clientela, e que quedan claramente consignados nas causas.

2.2.O control do xogo

Os xogos de cartas constituíron unha parte moi importante da sociabilidade das poboacións rurais durante todo o século XX e ata os nosos días. E se ben de por si non constitúe unha práctica restrinxida exclusivamente ao xénero masculino, si que ten unha moito maior presenza nas fontes documentais como unha parte importante da súa sociabilidade, en certa medida, polo propio nesgo dos documentos que constitúen a base deste traballo. O papel de bares, tabernas e cafés, como espazos de recreo masculinos, tamén é moi visible na representación destas actividades, sendo maioritariamente os espazos nos que se recollen os enfrontamentos derivados dos xogos.

Así atopamos, por exemplo, unha pelexa para a noite do 13 de marzo de 1941, no café *Ideal* de Xinzo de Limia, iniciada pola posesión dunha baralla de cartas³⁷; unha partida de naipes no *Café Royalty* de Ourense, á unha da mañá do 9 de maio de 1944³⁸, que é recollida de forma indirecta; ou un xogo de cartas na taberna de Covas (Cea), na que un dos participantes acude coa escopeta nas últimas horas da tarde do 27 de outubro de 1946, ao volver da caza, e ao intentar retirarse da partida é agredido e desprovisto da arma³⁹.

De igual forma, contamos con rexistros destes xogos nos fogares, mesmo ata altas horas da madrugada, pese a ser moito máis escasos que os incidentes ocorridos nos locais. Neste caso, atopamos os feitos dentro dunha denuncia de furto nun fogar particular, para o 24 de xuño de 1954. Xa sobre as once da noite, presentaríase Antonio E., procedente da aldea de San Cristovo (Riós), no fogar de Serafín A. P., na aldea de Enxames (Vilardevós), co obxectivo de

³⁷ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1941, sentenza do 19 de setembro de 1941.

³⁸ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 3 de xuño de 1946.

³⁹ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1947, sentenza do 28 de outubro de 1947.

mercar gando. Polo tarde da hora, Antonio foi acollido polo vendedor para cear e durmir no fogar deste, e tras a cea procederían a xogar as cartas xunto con outros veciños. Era normal para o momento que, após da venda de importantes pezas de gando, ambas partes acudiran xuntos a tabernas ou bares como un acto de peche simbólico da transacción⁴⁰. Finalmente, unha vez rematada a velada, e durmido Serafín, Antonio irrompe na súa habitación apoderándose da cantidade de 1.400 pesetas.

Non obstante, todos estes xogos de cartas tan comúns no día a día das poboacións da provincia, como é o caso da “brisca”⁴¹, non configuraban un obxectivo de posible castigo por parte do réxime, ao ser consideradas como actividades maiormente recreativas e permitidas. Porén, non existía a mesma permisividade no caso dos xogos de azar, tras os cales se situaban toda unha serie de beneficios e intereses económicos. Estas prácticas xa foran perseguidas con anterioridade ao Novo Estado franquista, mesmo no período republicano inmediatamente anterior. Proscritos como un vicio indesexable, serían xa obxectivo das forzas de vixilancia e garda civil durante a II República, nun momento de grande intensificación desta persecución. Quedaron, polo tanto, penados mediante o Código Penal de 1932, que castigaba aos organizadores das partidas e, en menor medida, aos xogadores. Este texto complementouse posteriormente coa *Lei de vagos e maleantes*, aprobada para 1933, cuxo emprego estaba enfocado naqueles individuos que explotaban ou cooperaban na explotación de ditos xogos, contando cun lucro parcial ou total seguro. Polo que non se consideraban a tódolos individuos que participaban dos xogos como potenciais “maleantes”⁴²

As penas dos “xogos prohibidos” ou “xogos ilícitos”, en boa medida, viñan relacionadas coa súa celebración en espazos públicos, dende as propias casas de xogo, a tabernas, cafés ou outros locais. Sendo moi atípicos os procesos xudiciais de partidas en casas e fogares particulares, aínda que xa de por si non eran especialmente frecuentes nin na súa realización⁴³.

⁴⁰ Mendez Pérez, Lourdes, “*Cousas de mulleres*”. *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, Anthropos, Barcelona, 1988, pp. 183-189.

⁴¹ O xogo da “brisca” é recollido en boa parte das causas xudiciais de enfrontamentos durante as partidas de cartas, sendo o único que se recolle co seu nome, alén do “monte” no caso dos xogos de azar.

⁴² Pino Abad, Miguel, *El delito de juegos prohibidos. Análisis histórico-jurídico*, Dykinson, Madrid, 2011, pp. 206-207.

⁴³ Ídem.

Coa chegada do período franquista si que imos atopar un endurecemento das penas a partir de xaneiro de 1945, recollidas no Título IV, “De los juegos ilícitos”, do Código Penal de 1944:

“Art. 349. Los banqueros y dueños de casas de juego de suerte, envite o azar serán castigados con las penas de arresto mayor y multa de 1.000 a 5.000 pesetas, y en caso de reincidencia, con las de prisión menor y multa de 5.000 a 10.000 pesetas.

Los jugadores que concurrieren a las casas respectivas, con las de arresto mayor y multa de 1.000 a 2.500 partas y en caso de reincidencia, con las de arresto mayor y multa de 2.500 a 5.000 pesetas.

Art. 350. El dinero o efectos y los instrumentos y útiles destinados al juego, caerán en comiso, cualquiera que sea el lugar en que se hallen.”⁴⁴

Así como no artigo 575, do Título II e Libro III, do mesmo texto:

“Art. 575. Los que en sitios o establecimientos públicos promovieren o tomaren parte en cualquier clase de juegos de azar que no fueren de puro pasatiempo y recreo, incurrirán en multa de 50 a 500 pesetas.”⁴⁵

Nos artigos 349 e 350 acudimos á constitución do delito, e para o artigo 575 o que se recolle son as faltas, que no referido ás meras accións do xogo configuraban transgresións idénticas, no que o único que mudaba entre ambas era o espazo no que se producían. Xa que se ben a primeira norma penaba estes comportamentos en locais considerados como “casas de apostas” ou “casas de xogo”, cun volume de negocio moito maior; a segunda ampliaba a restrición ao resto de establecementos públicos⁴⁶, actuando sobre aqueles puntos nos que o xogo era máis esporádico, con menor numero de participantes e capital invertido.

Neste sentido, son poucas as infraccións que podemos atopar nas fontes xudiciais no referido aos “xogos ilícitos”. Un exemplo atopámolo no *Café Moderno* da vila de Ribadavia, onde, nunha madrugada de finais de novembro de 1945, foron sorprendidos pola “brigadilla de investigación” da Garda Civil ata unha vintena de homes xogando ao “monte”⁴⁷. Pese a estar

⁴⁴ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 454.

⁴⁵ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 469.

⁴⁶ Pino Abad, Miguel, *El delito de juegos prohibidos. Análisis histórico-jurídico*, pp. 206-207.

⁴⁷ O “monte” era un coñecido e común xogo de azar presente en España ata o século XX, formado por un banqueiro (habitualmente o rexente ou camareiro do local), encargado de dirixir as apostas, así como dun número variable de xogadores. A súa práctica era coñecida polo común das estafas e enganos que podía levar a cabo o banqueiro para maior rédito económico. Neste sentido, chegaronse a editar obras desmontando ditas prácticas fraudulentas: Andueza y Senoseaín, Florentino, *El juego del monte y sus treinta trampas o secretos*, Librería de Román Velandia, Pamplona, 1898.

xogando nun local da propia vila, a maioría dos infractores estaban domiciliados en lugares das parroquias próximas ao núcleo urbano, e eran considerados como “labradores” de profesión⁴⁸.

Homes detidos	Localidade de procedencia	Concello	Idade	Oficio
Nicanor Enrique F. C.	San Cristovo	Ribadavia	44	Labrador
José R. S.	San Cristovo	Ribadavia	32	Labrador
Manuel A. L.	Carballeda de Avia	Carballeda de Avia	26	Labrador
Alejandro E. M.	Carballeda de Avia	Carballeda de Avia	54	Auxiliar no concello
José F. J.	San Cristovo	Ribadavia	41	Labrador
José M. B.	Saa de Serrantes	Leiro	42	Labrador
Manuel F. R.	San Cristovo	Ribadavia	51	Labrador
Constantino G. F.	San Cristovo	Ribadavia	39	Labrador
Manuel M. P.	Berán	Leiro	40	Labrador
Evaristo L. A.	Ribadavia	Rivadabia	55	Labrador
Juan M.	A Veronza	Carballeda de Avia	37	Labrador
Javier S. G.	San Cristovo	Ribadavia	49	Labrador
Ramón F. L.	Cuñas	Cenlle	40	Labrador
Francisco V. G.	Riobó	Cenlle	38	Labrador
José R. G.	San Cristovo	Rivadabia	47	Labrador
Florindo G. G.	As Cortes	Leiro	57	Labrador
Angel V. F.	Barroso	Avión	26	Labrador
José María S. G.	A Veronza	Carballeda de Avia	31	Labrador
Jesús S. O.	Ribadavia	Ribadavia	29	Avogado
Ramón Jesús G. L.	Ribadavia	Ribadavia	43	Industrial

Táboa 1. Fonte: Arquivo Xudicial Territorial de Ourense, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 21 de outubro de 1946. Elaboración propia.

Neste caso a partida de cartas estaba organizada por Ramón Jesús G. L., propietario do café, quen á súa vez actuaba como o “banqueiro”, sendo o resto dos participantes os xogadores.

⁴⁸ A designación de “labrador” considerada polas autoridades do momento, ía en boa medida máis en referencia á pertenza destes a una comunidade rural tradicional, que non ao oficio como tal que levaban a cabo nela. Debido a que en, rexistros oficiais, adoitábanse empregar o termo de “labrador” tamén para asignar a outras labores dentro da comunidade, como no caso dos zapateiros ou dos oleiros. Unha realidade plana e uniformadora, que se fai moi presente grazas ao estudo de rexistros da época, como os censos electorais elaborados durante a ditadura, nos que eran comúns os usos indistintos dos dous termos en anos diferentes. Mostrando, polo tanto, unha concepción do campesiñado máis aló das actividades estritamente agropecuarias. No seu lugar, observamos un amplo espectro, que en moitas ocasións tamén se caracterizaba polas pluralidade de actividades produtivas dentro dun mesmo núcleo familiar. Posibles obras de consulta nesta liña: Cabana Iglesia, Ana, “Vendedoras de barro. Mujeres rurales y los límites de “lo doméstico” a mediados del siglo XX”, en Teresa María Ortega López e Ana Cabana Iglesia, “*Haberlas, haylas*”. *Campesinas en la historia de España en el siglo XX*, Marcial Pons, Madrid, 2021, pp. 157-183, e Domínguez Martín, Rafael, “Caracterizando al campesinado y a la economía campesina: pluriactividad y dependencia del mercado como nuevos atributos de la “campesinidad””, *Agricultura y sociedad*, No. 66, 1993, pp. 97-136.

Durante a intervención, chegaron a ser requisadas ata cinco barallas de cartas, a maiores de 344 pesetas en efectivo⁴⁹. Porén, ao non quedar acreditado que o local fora un lugar de xogo habitual, o tribunal considera que non constitúe un delito de xogo, senón máis ben unha falta, amparada no artigo 575 do Código Penal de 1944.

Un escenario diferente atopámolo no *Café Club* da vila de Celanova, cunha denuncia en xullo de 1950 acerca dos “xogos prohibidos” que se levaban a cabo no local de madrugada, e que aparecen recollidos como “feitos probados”. Neste caso, en contra de tres individuos por xogar ao “monte”, si que era constituínte dun delito por “xogos ilícitos”, amparado no art. 349 do Código Penal de 1944. Tanto por quedar demostrada a frecuente recorrencia deste tipo de prácticas no café da vila, como de anteriores denuncias aos propios xogadores polo mesmo motivo⁵⁰.

2.3. O control da libre expresión.

Coa institucionalización do Bando Sublevado no poder, daría comezo a un período de forte censura a calquera forma de opinión ou expresión, que constituíra unha potencial ameaza para o novo Estado franquista⁵¹. Unha dirección lóxica na liña que ía percorrer o novo réxime durante os seguintes vinte anos. A da “cultura da vitoria”, da imposición dunha nova memoria, configurada a partir da “cruzada” contra os *rojos* —culpables últimos da contenda—, e mediante a busca activa de relegar ao esquecemento aos derrotados⁵². Era a configuración dunha memoria oficial, que constituía toda unha narrativa promulgada e promocionada dende as instancias do Estado. Novos mitos, que chegarían a ocupar un importante papel na conciencia da poboación no seu máis amplo espectro, mentres aqueles considerados como “disidentes” e potenciais focos subversivos, se vían abocados ao silencio⁵³. Non obstante, ao mesmo tempo, aquela poboación que vivira a crúa represión franquista creou toda unha serie de mecanismos e mitos propios. Formas de conservar e protexer a unidade da comunidade, que contiñan no seu berce a vítimas e vitimarios⁵⁴. Polo que comezarán a aparecer expulsións

⁴⁹ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 21 de outubro de 1946.

⁵⁰ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1957, sentenza do 19 de setembro de 1957.

⁵¹ Rufo Rubio, Irene, “Los delitos de expresión contra el Jefe del Estado español y su regulación en nuestros códigos penales históricos”, *Revista Boliviana de Derecho*, No. 37, 2024, pp. 376-377.

⁵² Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 258-260.

⁵³ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 261-262.

⁵⁴ No referido a estes mecanismos de protección da unidade das comunidades rurais no franquismo: Cabana Iglesia, Ana, *La derrota de lo épico*, Universitat de València, València, 2013, pp. 252-276.

simbólicas dos represores destas comunidades, que non consentían nas súas accións desmedidas e cruentas. É a formación dunha memoria subversiva, configurada por códigos e patróns compartidos polos seus membros⁵⁵.

Estamos polo tanto, ante unha limitada forma de contestación a un sistema de represión cruel, que castigaba duramente calquera forma de transgresión e disidencia. Desta forma gañaron relevancia todos aqueles delitos que regulan a libre expresión verbal —castigada *de facto* tras o golpe, para conformar un marco lexislativo complexo con posterioridade—, e que á súa vez comportan unha das restricións máis claras que podemos atopar cara á oposición ou disidencia ao réxime, así como da encorreada regulación que configuraba o día a día da poboación. Ben conformados dende un acto deliberado e en liña cunha idea contraria á realidade imposta, derivada dunha desinhibición influxo da acción do alcohol, ou produto da excitación nun determinado momento —ou de todas aquelas situacións que se mostran en planos intermedios—, estas faltas e a súa persecución na España franquista —e consecuentemente na provincia de Ourense—, configuran un bo punto de partida para o estudo das limitacións da sociabilidade no período.

2.3.1. As Blasfemias

En primeiro lugar, queremos considerar o delito de blasfemias, que configuraba unha das limitacións máis relevantes da expresión das clases populares, chave na configuración da moral impulsada polo nacional-catolicismo. Para Manuel Delgado Ruiz a blasfemia configura unha forma máis de violencia simbólica, “contra lo más alto, colocándolo en lo más bajo”, e dicir, contra a deidade e contra a fe católica. Unha denominación de amplo espectro para unha ofensa que, en boa medida, rematou regulada en torno ao segundo mandamento “non tomarás o nome de deus en van”⁵⁶. A blasfemia contaba cun papel dentro da comunicación e das formas de relación das poboacións, sen ser incompatible coa propia expresión e práctica activa da

⁵⁵ Ana Cabana da conta deste tipo de memorias, que recollían mitos e realidades distorsionadas na procura dunha sorte de “xustiza poética”. Neste sentido, da conta daqueles casos referidos á morte dos represores. Historias de longas e dolorosas enfermidades, que procuraban aumentar o sufrimento do vitimario, como castigo a todo o dano e a morte causados. Cabana Iglesia, Ana, “Sobrellevar la vida: Memorias de resistencias y resistencias de las memorias al franquismo”, en Miguel Ángel del Arco Blanco, Carlos Fuertes Muñoz, Claudio Hernández Burgos e Jorge Marco (Eds.), *No solo miedo: actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936-1977)*, Comares, Granada, 2013, pp. 101-113.

⁵⁶ Delgado Ruiz, Manuel, *Luces iconoclastas. Anticlericalismo, espacio y ritual en la España contemporánea*, Ariel, Barcelona, 2001, pp. 131-132.

relixiosidade. Desta forma se refire o propio Delgado Ruiz ao acto da blasfemia, traendo a colación as súas propias memorias:

“Mi madre, de origen manchego, me recordaba cómo su padre, un ferviente católico, «que besaba el pan cada vez que se caía», blasfemaba continuamente cuando estaba trabajando en el campo. Por lo visto, me contaba, sólo las palabras sucias contra Dios o la Virgen hacían posible que su burro, especialmente sensible a ese tipo de lenguaje, se moviera. Esto es algo que en el mundo rural todo el mundo sabe: para que una bestia de labor funcione no hay nada como un buen reniego. De ahí la pésima reputación al respecto de los carreteros”⁵⁷.

Como xa vimos, as blasfemias constituíanse como un factor máis da vida cotiá no rural, pronunciadas en todos os lugares de socialización, públicos e privados, dende prazas a bares e tabernas, ou no propio fogar. Porén, non en tódolos casos se consideraban da mesma gravidade, senón que esta aumentaba canto máis proxección tivera a ultraxe, porque maior era o desgaste para a imaxe do sistema político. Un matiz que podemos atopar no caso do estudo de Gloria Román Ruiz, sobre a pena imposta a un home da localidade de Santa Fe (Granada) para o nadal de 1939. Cando este proferiu as palabras injuriosas “contra Dios, la Virgen y los santos”, cometeu unha clara falta recollida pola garda civil, e agravada co feito de que foi en público, na presenza de numerosos veciños, e entre estes, menores de idade⁵⁸.

O perfil do blasfemo —no referido a todos aqueles dos que temos rexistros de causas ou multas por injurias contra a relixión—, era principalmente o de individuos de xénero masculino, e cunha diversidade de idade que ía dende meniños e mozos novos, que empregaban a blasfemia verbal como unha forma de rebeldía ou distanciamento, ata os integrantes máis vellos destas sociedades rurais. Para as mulleres, se ben contamos con causas e informes de blasfemias, estes aparecen nunha cantidade moito menor. Polo que Román Ruiz o vencella ao maior control e vixilancia que se exercía contra elas na esfera pública, e a propia presión á que se vían sometidas para non ser consideradas como individuos indecentes ou de vida deshonesto, e non a un menor emprego destas construcións en ámbitos privados ou máis reducidos⁵⁹.

Polo tanto, podemos atoparnos dende o comezo da Guerra Civil cunha penalización da blasfemia que non tivera oco no período republicano. Se ben o Código Penal de 1928 —aprobado durante a ditadura de Miguel Primo de Rivera— establecía toda unha serie de regulacións bastante restritivas, en contra expresamente da blasfemia, dentro das “Faltas contra

⁵⁷ Ídem.

⁵⁸ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, Universitat de València, València, 2020, pp. 300-301.

⁵⁹ Ídem.

la moralidad pública”⁶⁰, así como dentro dos “Delitos contra la religión del Estado”⁶¹, estas desaparecen para o Código Penal de 1932. En España non chegara a existir ata o momento unha liberdade relixiosa plena, pese ao avance da separación Igrexa-Estado dende comezos do século XX, que se estaba a realizar en países próximos⁶². Porén, esta situación muda coa promulgación da Constitución de 1931, que trae consigo por vez primeira a “aconfesionalidade do estado”, igualando tódolos cultos, e de igual xeito, igualando as faltas recollidas con respecto aos agravios á relixiosidade⁶³.

Porén, as limitacións ás expresións e fala cotiá amparadas baixo o pretexto das “blasfemias”, foron reintroducidas no Código Penal de 1944, como un dos obxectivos de control do réxime, na liña de toda unha serie de novas normas, como podemos atopar nos preámbulos do texto:

“Definición de delitos nuevos como los ya referidos contra las Cortes, las calumnias proferidas contra el Movimiento Nacional, la blasfemia y la infracción de las Leyes de trabajo que ocasionen quebranto grave en la salud de los obreros.”⁶⁴

Agora as blasfemias quedaban reguladas polo artigo 239, pertencente ao Capítulo VII “De las blasfemias”, Título II e Libro I, dentro dos “Delitos contra la seguridad del interior del estado”:

“Art. 239. El que blasfemare por escrito y con publicidad, o con palabras o actos que produzcan grave escándalo público será castigado con arresto mayor y con multa de 1.000 a 5.000 pesetas.”⁶⁵

Así como polo artigo 567, dentro do Capítulo II “De las faltas contra el orden público”, do Título XIV e Libro II:

⁶⁰ Art. 818, pertencente ao Título IV, Libro III do Código Penal de 1928. “Real Decreto-Ley de 8 de septiembre de 1928 publicando el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 257, 13 de setembro de 1928, p. 1523.

⁶¹ Art. 270 e ss., pertencentes ao Capítulo II, Título II “Delitos contra los Poderes públicos y contra la Constitución”, Libro II do Código Penal de 1928. . “Real Decreto-Ley de 8 de septiembre de 1928 publicando el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 257, 13 de setembro de 1928, p. 1479.

⁶² A III República Francesa contaba cunha Lei de separación Igrexa-Estado dende 1905, ao igual que a I República Portuguesa dende 1911, e estados como México ou a URSS avanzaran con este fin durante o primeiro terzo do século. Duñaiturria Laguardia, Alicia, “La jurisprudencia del Tribunal Supremo y su papel en los delitos religiosos (1928-1995)”, en José Sánchez-Arcilla Bernal (Coord.), *La jurisprudencia del Tribunal Supremo como fuente del derecho penal (1870-1995)*, Dykinson, Madrid, 2022, p. 409.

⁶³ “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de noviembre de 1932, pp. 837-838.

⁶⁴ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 428.

⁶⁵ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 447.

“Art. 567. Serán castigados con las penas de uno a diez días de arresto menor y multa superior a 250 pesetas e inferior a 1.000:

- 1.º Los que profirieren blasfemias por medio de palabras que no produzcan grave escándalo público.
- 2.º Los que perturbaren de manera leve un acto religioso.
- 3.º Los que, con la exhibición de estampas o grabados, o con otra clase de actos, ofendieren a la moral y las buenas costumbres.”⁶⁶

Medidas que, de novo, procuraban contraponerse á realidade da II República, ou polo menos á imaxe da anti-españa creada dende o bando sublevado, e promocionada posteriormente xa en ditadura, como o período anticatólico por excelencia. Nesta liña é que escribe Justo Perez de Urbel en 1956, traendo a colación o tema da blasfemia durante a II República:

“Después del establecimiento de la República, en 1931, se oía blasfemar por todas partes. La blasfemia contra Dios estallaba en los labios de los enemigos del cristianismo con satánico furor, lo desbordaba todo y lo inundaba todo: la vida pública, los establecimientos, las oficinas, las tabernas...”⁶⁷

A blasfemia configurábase, polo tanto, como unha forma de desviación máis, fronte ao que debía de constituír a moral cristiá. As faltas deste tipo que se dan na provincia de Ourense —aquelas recollidas polas autoridades como tal—, son protagonizadas na súa grande maioría por homes, dende unha idade moza ata a vellez. No referido ás causas destas penas derivan especialmente dous factores:

Por unha banda, podemos atoparnos co abuso de substancias alcohólicas como un dos factores comúns máis habituais nestas causas. Así ocorreu, por exemplo, no caso de Pedro R. S., cando se atopaba a comezos de maio de 1947 nun café da vila de Maceda, por ocasión das feiras que se realizan na localidade todos os días 4 e 20 de cada mes. Neste local, o acusado, atopándose en estado de embriaguez, proferiu as frases “me cago en la hostia” e “me cago en cristo”, que como recolle a causa “hirieron profundamente los sentimientos de los allí presentes”⁶⁸. Unha actuación que provocou, en primeiro lugar, a expulsión do establecemento por parte do dono, e posteriormente a súa detención e traslado ao depósito municipal. Sendo

⁶⁶ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 468.

⁶⁷ Perez de Urbel y Santiago, Justo, *Los Mártires de la Iglesia (Testigos de su Fe)*, Editorial AHR, Barcelona, 1956, p. 315.

⁶⁸ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1947, sentenza do 11 de decembro de 1947.

finalmente procesado e sentenciado como culpable de blasfemias para o nadal de 1947, co atenuante de atoparse baixo o influxo do alcohol. Por esta razón, finalmente só sería condenado á pena mínima, dun mes e un día de arresto maior, e ao pagamento de 1.000 pesetas en forma de multa.

A desinhibición, e a maior propensión a unha linguaxe “malsoante” e “blasfema” que traía consigo o consumo de bebidas espirituosas, foi un claro foco deste tipo de disidencias durante o franquismo. As intervencións nestes comportamentos constituían, en última instancia, un ataque directo contra as formas de recreo das clases populares, reunidas nun espazo que se constituía como de difícil mediatización ou coerción para as autoridades⁶⁹, xa dende o século XIX. É por esta mesma razón que introducimos o análise dos feitos recuperados na dita causa, considerándoa como un punto importante de achegamento ao control dos establecementos de bebidas no período. En primeiro lugar, pola propia expulsión do acusado do local onde se atopa, que alén do propio malestar que pode causar nos demais consumidores, tamén configura un potencial foco de investigación e problemáticas, nun espazo de socialización e ocio das clases populares. Especialmente nun día de feira, que atrae a unha cantidade maior de poboación á localidade. Por outra banda, tamén nos permite observar a actuación do poder local no arresto do “blasfemo”, que na sentenza se explícita a partir da intervención do alcalde, en vista do “grande escándalo público” causado na localidade.

Por outra banda, tamén os casos de “grande excitación” son recollidos como os detonantes das actitudes blasfemas, que á súa vez poden actuar en combinación co efecto das bebidas alcohólicas. Neste sentido, atopamos o caso do enfrontamento entre Juan P. A. e a súa caseira Amparo V. H. na vila de Verín para o 3 de novembro de 1955. Cando Juan irrompe no fogar da última durante a noite, ao volver á casa bébedo, e a comeza a agredir mentres “profería expresiones ofensivas para Dios y la Virgen”⁷⁰. Pero tamén no caso ocorrido o 27 de outubro de 1963 na Praza de Calvo Sotelo do Barco de Valdeorras, no que un cliente dun bar sito nesta praza, do que non se recolle que estivera borracho, e mentres se enfronta cos traballadores do local, “injurió el nombre de Dios y de los Santos”. Provocando a intervención da Garda Civil e do alcalde, e replicándolle ao rexedor que “se los pasaba por debajo de sus órganos genitales [a todos os presentes na escena]”⁷¹. Finalmente, queremos destacar o caso ocorrido na aldea de Meiriz (Coles), o 2 de abril de 1960, no que despois dunha discusión entre un matrimonio da

⁶⁹ Uría González, Jorge, “La taberna. Un espacio multifuncional de sociabilidad popular en la Restauración Española”, *Hispania: Revista española de historia*, Vol. 63, No. 214, 2003, pp. 571-604.

⁷⁰ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1956, sentenza do 13 de abril de 1956.

⁷¹ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1964, sentenza do 10 de xaneiro de 1964.

localidade, a muller fuxe para a casa da súa cuñada, e o marido séguea. No documento dáse conta das “palabras ofensivas contra Dios, la Virgen y los Santos”⁷² do acusado, diante da comunidade, e da súa costume a blasfemia, “sin guardarse de nadie, lo que constituye, singularmente para los niños que lo oyen, un peligro de corrupción en sus formaciones morales”⁷³.

2.3.2. As Inxurias á autoridade

Dentro da mesma liña de persecución das formas de expresión que levou a cabo o réxime franquista, atopamos tamén os delitos de inxurias, aplicados nos casos de insultos ou descalcificacións contra diversos tipos de autoridades, entre as que localizamos á propia figura do xefe do estado.

Neste sentido, xa existira durante o período republicano formas de castigo ás inxurias contra o xefe do estado, ou menosprezos do sistema político ao que este representaba. Recollidas inicialmente na *Ley de defensa de la República*, do 21 de outubro de 1931⁷⁴, e amparadas posteriormente nos “Delitos contra la Constitución”, do Título II, Libro II do Código Penal de 1932.

“Artículo 148. Se impondrá también la pena de prisión mayor en sus grados medio y máximo:

- 1.º Al que injuriare o amenazare al Jefe del Estado en su presencia.
- 2.º Al que invadiere violentamente morada del Jefe del Estado.

Artículo 149. Incurrirá en la pena de prisión mayor en sus grados mínimos y medio el que injuriare o amenazare al Jefe del Estado por escrito o con publicidad fuera de su presencia.

Las injurias o amenazas inferidas en cualquiera otra forma serán castigadas con la pena de prisión menor a prisión mayor en su grado mínimo, si fueren graves, y con la de arresto mayor en su grado medio a prisión menor en su grado mínimo, si fueren leves.”⁷⁵

Atopamos a aplicación deste código —no referido ao artigo 149, polas inxurias ao xefe do estado— en sentenzas como a promulgada polo Tribunal Supremo para o 31 de marzo de 1933, na que destaca como:

⁷² AXTOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 6 de xullo de 1960.

⁷³ AXTOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 6 de xullo de 1960.

⁷⁴ Rufo Rubio, Irene, “Los delitos de expresión contra el Jefe del Estado español y su regulación en nuestros códigos penales históricos”, pp. 373-375.

⁷⁵ “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de noviembre de 1932, p. 833.

“la libre emisión del pensamiento permite la mayor severidad en el concepto y calor en el tono, pero no autoriza el empleo de palabras altamente ofensivas para las personas e innecesarias para mantener una actitud de censura frente al poder constituido”⁷⁶

É dicir, se ben permite a crítica política ata nas súas formas máis agresivas, o que se procura censurar son as injurias e as descalzificacións en si, que contra a figura do Presidente da República atentan ante a mesma personificación do estado. Non obstante, coa chegada da ditadura franquista, dun réxime no que ata as máis leves representacións da crítica poden ser consideradas como unha forma de disidencia activa, atoparemos unha realidade moito máis restritiva, e que en boa medida recollerá e aplicará este tipo de faltas, seguindo os modelos de control social que vimos ata o momento.

Estas restricións xa as podemos atopar na *Ley para la seguridad del Estado*, do 29 de marzo de 1941. Que xa no seu preámbulo se presenta como unha medida de endurecemento da legalidade, para asegurar o prestixio e a seguridade do estado, ante aquelas formas de delincuencia que merecen preferente atención e foran desatendidas en anteriores períodos⁷⁷. Constitúe, polo tanto, toda unha declaración de intereses do que será a regulación do réxime neste respecto, máis desenvolta no Código Penal de 1944.

É na aplicación deste código, na procura do réxime polo control da poboación, no que queremos incidir. Neste sentido, atopamos que a documentación xudicial en Ourense nos permite debuxar os dous escenarios máis comúns nos que se levan a cabo ás injurias ao xefe do estado. Por unha banda, —ao igual que no caso das blasfemias— temos que considerar aqueles casos no que os insultos ou injurias se producen durante ou após da intoxicación etílica, en espazos e lugares de recreo e socialización, e baixo un estado de desinhibición patente. Un dos casos xudiciais que recollen tales comportamentos, é o ocorrido na cidade de Ourense para o 8 de novembro de 1959, durante uns actos organizados polo Tercio de Requetés de Cristo Rey. A estas celebracións acude Carlos Baldomero J. P., de 36 anos de idade, considerado como de boa conduta pública e privada e afiliado á Comunión Tradicionalista de Pontevedra (dende onde se traslada á cidade das burgas). Ao chegar á primeiras horas do día, nun ambiente festivo e acompañado dun grupo de amigos, comeza a frecuentar establecementos inxerindo diferentes consumicións, “que sin proponerselo, fueron

⁷⁶ Cita recuperada da obra: López Rey y Arrojo, Manuel, Álvarez Valdés, Félix, *El Nuevo Código Penal. Notas, jurisprudencia, tablas, referencias, etc.*, Editorial Revista de Derecho Privado, Madrid, 1931, p. 171, e á súa vez recollida en Rufo Rubio, Irene, “Los delitos de expresión contra el Jefe del Estado español y su regulación en nuestros códigos penales históricos”, p. 374.

⁷⁷ “Ley para la seguridad del Estado de 29 de marzo de 1941”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 101, 11 de abril de 1941, pp. 2434-2444.

progresivamente embriagándole, hasta disminuírle acusadamente, sin anularlas totalmente, sus facultades cognoscivas y volitivas”⁷⁸. Xa neste estado, ao acudir ás últimas horas da tarde aos actos da inauguración do local social da Hermandad de excombatientes de Requetés Santo Cristo de la Victoria, ante unha numerosa asistencia, proferiu en voz alta e audible as palabras “muera Franco”, que causaron a inmediata actuación do resto dos asistentes e a súa detención.

Este caso tamén nos permite abrir o debate a como de transversal foi o control social do réxime. Que se ben foi máis severo cos “derrotados”, ou con aquelas figuras que irían xurdindo paulatinamente co paso das décadas —consideradas como posibles focos de transgresión—, afectou a totalidade da poboación, especialmente aos sectores subalternos. Neste caso, a figura do insurrecto é a dunha personalidade vencellada ao réxime, ao que se lle considera adepto ao mesmo, de boa consideración social e moral. Porén, formar parte dos instrumentos de organización social da ditadura, tales como o propio *Movimiento* non tiña porqué supoñer necesariamente unha total adscrición aos ideais da organización.

De feito, a militancia activa non implicaba unha entrega ao ideal falanxista nin nos primeiros anos após da configuración do novo Estado. Os propios militantes da FE y de las JONS, con anterioridade ao golpe de estado de 1936, eran moi escasos en todo o territorio galego, e nos sectores rurais a maioría dos seus cadros proviñan de familias relativamente acomodadas das vilas⁷⁹. Constituían así unha organización minoritaria, se ben cunha maior presenza e actividade que outras estruturas fascistas implantadas no territorio —como é o caso das Juventudes de Acción Popular (JAP)—, aínda sendo Ourense a provincia con maior presenza da FE en todo Galicia, que Nuñez Seixas estima ata en 300 membros nos días previos ao golpe⁸⁰. Non obstante, a partir de xullo de 1936, as FE de las JONS vivirían un crecemento continuado, así como os outros organismos vencellados á estrutura, como o Sindicato Español Universitario (SEU) ou a Sección Feminina (SF). Configurando posteriormente a Falange Española Tradicionalista de las JONS, o partido único do réxime, ilegalizando calquera outra entidade política a partir do decreto 225 do 20 de abril de 1937⁸¹.

Se ben as actitudes do réxime con respecto as FET de las JONS mudaron ao longo da ditadura, para o comezo do período constituía un dos pilares fundamentais do sistema político. Neste sentido, o rápido ascenso da organización e continua acollida de novos militantes, tamén

⁷⁸ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 8 de xaneiro de 1960.

⁷⁹ Iglesia, Ana, *La derrota de lo épico*, pp. 262-263.

⁸⁰ Nuñez Seixas, Xosé Manoel, “El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)”, *Historia y Fuente Oral*, No. 10, 1993, pp. 157-158.

⁸¹ “Decreto No. 255”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 182, 20 de abril de 1937, pp. 1033-1040.

configuraba unha das ferramentas de adaptación e resiliencia da poboación. A organización política do novo Estado promovía unha visión anteposta á propia concepción da “política” como tal, polo que na súa conformación procurou incluír inicialmente a individuos sen unha carreira política anterior —tanto na II República como no réxime liberal da Restauración—, e rematou aceptando tamén a membros procedentes da anterior comunidade republicana, segada e esquecida *manu militari*⁸². O acceso ás institucións, en moitas ocasións, era derivado máis dunha procura utilitarista que non dunha concepción ideolóxica e militante marcada. Nesta mesma liña, podemos atopar o ocorrido coa ascendente militancia no *Glorioso Movimiento*, no que máis aló das presións para o ingreso, e dos casos de compromiso real coa causa, podemos atopar toda unha diversidade de realidades. Como nas situacións vitais de simpatizantes e militantes de esquerdas que entraban na Falanxe, protagonizando as actuacións máis brutais e pasionais para purgar as súas penas anteriores⁸³, ou mesmo atopando nas FET de las JONS —ou noutros organismos sindicais ou irmandades— os necesarios trámites para levar a cabo os seus oficios con normalidade. Nesta liña, atopamos a inscrición dos fillos en organizacións como o Frente de Juventudes (FJ), coa que en certos casos buscaban unha protección contra as posibles consecuencias do réxime polo pasado esquerdista dos pais, ou unha fórmula de obtención de recursos nunha lóxica de mera subsistencia⁸⁴. Porén, esta organización, ou a Sección Feminina, tamén constituían unha importante oferta de ocio en numerosas localidades. Un ocio considerado como “máis seguro”, en contraposición aos perigos da rúa, e que sería valorado positivamente, ata por aquelas figuras disidentes ou menos proclives á ditadura⁸⁵.

Con todo, e sen chegar a entrar nas propias divisións das organizacións que conformaron os iniciais apoios do réxime⁸⁶ —xa presentes dende o propio Decreto de Unificación—, ese “Muera Franco” na boca dun requeté bébedo, abre a porta a un análise e espectro de posibilidades moi amplo, no estudo da configuración do réxime e das súas institucións e apoios.

⁸² Míguez Macho, Antonio, “La naturaleza “no política” del franquismo. Adaptación social y resiliencia”, en Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Catarata, Madrid, 2014, pp. 190-196.

⁸³ Cabana Iglesia, Ana, *La derrota de lo épico*, Universitat de València, València, 2013, pp. 257-259.

⁸⁴ Rodríguez Barreira, Óscar, Lanero Táboas, Daniel, “Juventud y campesinado en las falanges rurales: España, 1939-50”, *Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural*, No. 62, 2014, pp. 177-216.

⁸⁵ Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, pp. 216-218.

⁸⁶ Acerca da constitución da FET de las JONS en Ourense: Prada Rodríguez, Julio, “Que jamás la sangre derramada sirva para florecer partidos políticos. El nacimiento de FET y de las JONS en Ourense”, *Espacio, tiempo y forma. Serie V, Historia contemporánea*, No. 15, 2002, pp. 421-454.

No referido ás outras formas de injurias ao xefe do estado que atopamos na documentación xudicial, podemos dar conta daquelas que constitúen unha oposición activa e deliberada ao réxime. Neste caso, se ben non ocorren nun marco de celebración, ou nun espazo de socialización, cuxo análise ten como obxectivo o presente traballo, si que consideramos, teñen un impacto e interese suficiente no estudo das disidencias na ditadura, polo que merece a pena tratalas nestas páxinas. O primeiro é un caso de atraco ao crego da parroquia de San Lourenzo de Piñor (Barbadás), o 27 de febreiro de 1955. Un intento de roubo a través de coaccións nunha carta na que, como se recolle na causa, “se emplearon las frases de “muera Franco” y “viva Rusia” con el propósito de hacer creer al destinatario, se trataba de elementos subversivos y de atracadores a mano armada”⁸⁷.

Porén, máis explicativa dunha forma de disidencia activa, é a causa que tivo lugar no cárcere de Ourense, para o 7 de maio de 1957. Na que o procesado Luís Avelino G. S., entregando a outros presos unha carta cun selo coa efixie de franco, proferiu as seguintes palabras, como se recollen na causa, “no escupais en la cara a Franco, pegarle por detrás”⁸⁸.

Oídas e interpretadas como unha forma de mofa contra o xefe o Estado por parte dun funcionario da prisión, este pode que constituía o máis claro exemplo do que James C. Scott considera como “discurso privado”⁸⁹. Na liña en que constituía un código de burla contra unha autoridade, destinado cara outros individuos na mesma situación de marxinalidade, e interceptada e castigada polo último representante do estado co que teñen contacto os presos. Se ben noutros casos, tanto de injurias como de blasfemias, estes perfís binarios e polarizados non son tan claros, esta realidade é moito máis visible na relación preso-carcereiro.

3. Control das festividades.

3.1.O papel das autoridades locais

A configuración do Estado franquista na súa última representación civil, en municipios e localidades, leva sendo o obxectivo de parte da historiografía acerca do réxime nas últimas décadas. É unha busca conformada por unha clara dualidade, na que se combina a construcións institucional e formal do franquismo, na relación cos diferentes estamentos do Novo Estado, e

⁸⁷ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1956, sentenza do 10 de agosto de 1956.

⁸⁸ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 13 de maio de 1960.

⁸⁹ No referido as teses de James C. Scott, do “discurso público” e “discurso privado”, consultar: Scott, James C., *Los Dominados y el arte de la resistencia*, Txalaparta, Tafalla, 2003.

cos grupos hexemónicos das localidades; e, por outra banda, no estudo das actitudes e da adaptación das poboacións ante a nova estrutura que emerxe fronte a elas. Os gobernos locais configuran un dos puntos de encontro entre a poboación e as estruturas do réxime, posiblemente un dos máis interesantes para o seu estudo, pola heteroxeneidade das aptitudes e situacións que nos podemos atopar, especialmente no caso das pequenas comunidades rurais.

Polo tanto, é importante que demos conta de como se realizou a propia conformación dos poderes locais dende os primeiros momentos do Novo Estado, e os diferentes equilibrios de poder existentes nos municipios. É coñecido que o réxime franquista estivo lonxe de conformar nunca un bloque político unificado, especialmente nas primeiras décadas após do fin da guerra. O conflito foi un levantamento militar, acuñado por diferentes sectores económicos e militares en resposta a un sistema político que consideraban contrario aos seus intereses. Unha bandeira baixo a que se agruparon diferentes entidades, dende os sectores carlistas e tradicionalistas, ata falanxistas e demais organizacións protofascistas e fascistizadas, que conformarían o partido único do réxime, a FET de las JONS, tras o decreto de unificación de abril de 1937. Este marcaría un dos iniciais pasos cara a conformación do novo sistema político, máis aló do golpe. Ata este momento, na retagarda do bando nacional existía unha realidade de continua pugna por todas estas organizacións, na procura de formar aos continxentes a enviar á fronte bélica e forxar un lugar privilexiado e favorable no futuro⁹⁰. De igual maneira, realizaban toda unha diversidade de actos, como misas, concertos de bandas, cursos, ou banquetes, na procura de apoios e do fortalecemento das organizacións. Eventos nos que se fortalecía esta identidade tamén en oposición ás outras organizacións. Un exemplo claro atopámolo na carta enviada por parte dun militante das JAP, da localidade de Gomesende, a José Pérez Ávila, xefe da organización na provincia de Ourense. Nela pide lle consiga o permiso do bispo para a realización dunha misa no 25 do nadal de 1936:

“de lo contrario el Cura Párroco no nos autoriza para celebrar la misa sin antes tener el permiso. Parece que me da el cuerpo, como suele decirse, que aun no bamos a conseguir de celebrar la dicha misa, y en ese caso, no se cansarían de reírse de nosotros los de Falange.”⁹¹

É unha carta sintética, pero que da conta da identificación de polo menos parte da militancia da provincia, coa causa da organización. Non obstante, a partir de abril de 1937 este obxectivo esvaece, e organizacións como as JAP, mostrarían especiais reticencias á súa

⁹⁰ Miguez Macho, Antonio, “La naturaleza “no política” del franquismo. Adaptación social y resiliencia”, pp. 187-188.

⁹¹ AHPOU, Fondo Juventudes de Acción Popular de Ourense (JAP), carpeta correspondencia 1934-1936, caixa 14.703.

fagotización obrigada por parte de Falanxe⁹². Unha realidade da que tamén da conta de forma indirecta a comunicación enviada polos sectores centrais da JAP —establecidos na cidade de Salamanca—, ao xefe das xuntas de mando das milicias das JAP en Ourense, para o 22 de abril de 1937. Na que de forma sintética resume as implicacións do decreto aprobado, e as directrices tras a disolución da organización, coa liquidación dos ben que esta tivera na provincia. De igual forma, remata recalcando a necesidade de cumprir coa disposición aprobada:

“Queremos advertiros que no debeis escuchar más órdenes que las emanadas de la autoridad legítima. En este sentido, no debeis oír ni tolerar imposiciones de nadie que carezca de autorización legal, pues quien así obra traiciona al buen deseo de la Unificación.

Esta junta de Mando queda a vuestra disposición para aclarar todas las dudas que tengais, y considera preferible hacerlo.”⁹³.

No referido á constitución das corporacións municipais após da sublevación, estarían marcada polo que Adrián Presas considera como a “indefinición da política administrativa dos sublevados”⁹⁴, e que xa vimos con anterioridade. Sendo en boa medida conquistados por cargos de Falanxe durante a “etapa azul” da ditadura. Neste sentido, os candidatos ás corporacións eran en boa medida filtrados polos propios poderes locais, como recolle Adrian Presas, no proceso de elección do alcalde de Lugo, por parte do gobernador civil —e xefe provincial do *Movimiento*— Ramón Ferreiro Rodríguez-Lago:

“Desde allí puso en marcha el mecanismo para seleccionar a los candidatos: primero, solicitud de información a la Guardia Civil; segundo, elaboración de una lista de posibles nombres superior al número de puestos por cubrir. Esa lista era trasladada a FET de las JONS para que informase sobre todos ellos. El partido, en ese proceso, seleccionaba ya a los candidatos, porque solo informaba de aquel que resultaba más adecuado para sus intereses”⁹⁵.

A aprobación da *Ley de Bases del Régimen Local* de 1945, tamén tería un grande impacto no que corresponde á institucionalización do réxime franquista, sendo unha sorte de refundación das institucións herdadas dos anteriores sistemas políticos, e que comportaba un maior control dende as instancias do goberno civil da provincia. Desta forma estableceríase a prerrogativa do Ministro de Gobernación para designación do alcalde das localidades de máis

⁹² Miguez Macho, Antonio, “La naturaleza “no política” del franquismo. Adaptación social y resiliencia”, pp. 187-188.

⁹³ AHPOU, Fondo Juventudes de Acción Popular de Ourense (JAP), carpeta correspondencia 1937-1940, caixa 14.703.

⁹⁴ No referido á conformación do poder local en Galicia durante as primeiras décadas da ditadura: Presas Sobrado, Adrián, “Cuando el vecino no elegía al alcalde: la selección de los poderes locales”, pp. 273-290.

⁹⁵ Ídem.

de 10.000 habitantes, así como daquelas urbes “cabeza de provincia”; e do gobernador civil para os restantes municipios da provincia⁹⁶. Polo resto da década de 1940 e comezos da seguinte, veremos a formulación de toda unha serie de normas reforzando o papel dos concellos dentro do réxime, que se mantería en maior medida ata o período da transición⁹⁷.

Neste sentido, cabería esperar dunha subordinación total do poder dos concellos aos gobernadores civís, e dunha actuación homoxénea por parte das corporacións. Porén, cabe que destacar a dualidade da figura dos alcaldes que establecen numerosos autores. A que se localiza entre a pertenza a unha comunidade determinada, e a natureza de establecerse como unha das máximas autoridades deste grupo⁹⁸. Unha realidade que se ve potenciada pola relativa capacidade da poboación de influír nas autoridades supramunicipais, para a degradación dun determinado rexedor. Unha influencia moi afastada de calquera forma electiva democrática, pero que existía de *facto*, a través de fórmulas como o apoio popular a outra figura local, atractiva para a designación polo gobernador provincial, ou a demostración do descontento a través da conflictividade social⁹⁹.

Esta dobre identidade, e as limitadas capacidades de oposición dos veciños, levaba en ocasións ás autoridades locais a incumprir ordes directas e adoptar posicionamentos en paralelo coas comunidades da zona, contrapostas a instancias superiores. Un escenario que Daniel Lanero e Ana Cabana estudan no ámbito municipal galego, mostrando diversas formas de actuación dos rexedores. Dende a oposición frontal á aplicación das medidas controvertidas, á implantación das mesmas pero exercendo unha grande pasividade na represión posterior das protestas, cos diferentes escenarios intermedios. Entre as causas máis comúns destes enfrontamentos atopamos razóns fiscais ou socioambientais¹⁰⁰. Porén, podemos observar actitudes similares en relación ao control do ocio en todo o estado. Cabe destacar neste sentido os casos analizados por Gloria Román Ruiz ou Oscar Lopez Acón, que formulan as diferentes

⁹⁶ “Ley de 17 de julio de 1945 de Bases de Régimen Local”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 199, 18 de julio de 1945, p. 362.

⁹⁷ Acerca da composición do novo sistema de concellos durante o primeiro franquismo, a través do caso catalán: Marín i Corbera, Martí, “Franquisme i poder local. Construcció i consolidació dels ajuntaments feixistes a Catalunya, 1938-1949”, *Recerques: història, economia, cultura*, No. 31, 1995, pp. 37-52,

⁹⁸ Numerosas obras dan conta desta identidade dual de alcaldes e corporacións municipais, tales como: Lanero Táboas, Daniel, Cabana Iglesia, Ana, “Equilibrios precarios: Una microhistoria del poder local en acción bajo el franquismo”, pp. 220-250. No referido á súa aplicación en pro da comunidade, en espazos e contextos festivos, contamos cos seguintes traballos: Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)* —especialmente no referido ás festividades de Entroido—, e Lopez Acón, Oscar, “El control del “orden moral” en Aragón durante el primer franquismo (1939-1956)”, pp. 69-89.

⁹⁹ Lanero Táboas, Daniel, Cabana Iglesia, Ana, “Equilibrios precarios: Una microhistoria del poder local en acción bajo el franquismo”, pp. 224-231.

¹⁰⁰ Ídem.

respostas dos ámbitos municipais, ás peticións ou celebracións de bailes e outras formas de eventos festivos. En ocasións participando dos mesmos, e sempre somerxidos na disputa autoridade local-membro da comunidade¹⁰¹.

3.2.Os Bailes, romeiras e fiadeiros

Todas aqueles eventos ou celebracións das clases populares, identificados na forma de “bailes”, foron tamén celosamente restrinxidas polo novo réxime franquista, configurando un molde a través do que podemos observar o control social e moral exercido pola ditadura. Os bailes configuraban un importante punto de socialización da época, tamén para as comunidades rurais. Estas xuntanzas podían ser tanto ao aire libre como dentro dun local, e a súa vez podían ser organizados por bares, cafés ou outras entidades privadas, así como organizadas polas mesmas aldeas por mor das festas patronais, o entroido ou outro tipo de festividades.

Como xa abordamos con anterioridade, o Novo Estado produciu toda unha serie de regulacións, restrinxindo tamén o ámbito do entretemento e do ocio. A música e o baile non comportaron unha excepción. Tras o golpe de estado de 1936 as instalacións de radio foron un obxectivo primordial de ocupación polas tropas sublevadas, calquera emisora de radio dunha localidade tomadas por estas forzas era ocupada, en conxunción coas oficinas de Teléfonos e Telégrafos e os gobernos municipais e provinciais. A funcionalidade principal destes medios de radiodifusión para o Bando Nacional, estaba baseada na necesidade dun control total de tódolos medios de información, a través dos que agora se transmitían os novos bandos e regulacións. Se ben estas medidas constitúen os primeiros pasos en calquera ocupación militar dun territorio en guerra, tamén observamos como o control da programación incluía o emprego da música como medio de propaganda, en conxunto cos discursos militares¹⁰². A música, ao igual que a literatura, a pintura ou o baile, como unha produción puramente humana, non se conforma nun baleiro, senón que sempre responde ao seu contexto e a unha realidade particular. Porén, non son elementos estáticos, o seu significado pode mudar á vez que o fai a realidade na que se inscribe. Neste sentido, configura un medio a controlar polo franquismo, ao igual que tantas e tantas outras expresións culturais.

¹⁰¹ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas* (1939-1975), e Lopez Acón, Oscar, “El control del “orden moral” en Aragón durante el primer franquismo (1939-1956)”, pp. 69-89.

¹⁰² Montoro Bermejo, Ignacio, *Libertad de expresión e intervención estatal en la radiodifusión de la primera mitad del siglo XX*, Tese doctoral, Murcia, 2015, pp. 221-230.

O golpe de estado e a posterior Guerra Civil contra a ordenación e legalidade vixente republicana, precisou da conformación dun marco teórico, que lexitimara as accións das tropas sublevadas. Unha narrativa na que a guerra era unha cruzada “liberalizadora”, executada co obxectivo de rematar coa depravación e a decadencia da España republicana. Unha decadencia que, á súa vez, se sustentaba en modelos económicos, de vida e culturais que constituían a “anti-España”. Era necesaria unha restauración de todos aqueles elementos que formaban parte da “verdadeira” esencia da nación, a ollos dos sectores aliñados co Bando Nacional. Unha teoría que se fundamentou na retórica e escritos dos sectores e organizacións fascistizadas de matriz castelá, que contaran cunha tímida presenza durante os anos 30 no panorama político do territorio, pero que posteriormente serían agrupadas baixo a marca de FET de las JONS.

Dentro da teorización falanxista, a música era un máis deses elementos culturais que conformaban a nación española, a ter en conta e reivindicar como propios:

En el siglo XVI, musicalmente, España, gracias a sus polifonistas vocales y a sus organistas y vihuelistas, gozó de una hegemonía absoluta y universalmente reconocida. Después se dejó influenciar por modos, escuelas y gustos extranjeros hasta perder su clara fisonomía nacional. Por fin, en el siglo XIX, desde la escena —concretamente Barbieri— y desde la erudición y el clamor folklórico —Pedrell— se inició un movimiento salvador que habría de determinar la creación de una música fundamentalmente nuestra. [...] En los momentos actuales, recogiendo en fruto de aquellos ejemplares y clarividentes esfuerzos, es cuando España vuelve a ganar ante el mundo el preeminente puesto que naturalmente le corresponde, de acuerdo con los valores espirituales y moralmente expresivos de la raza, [...] Por esto no podemos, ni queremos, dejarla abandonada a sus propios esfuerzos.¹⁰³

Xa instaurada ditadura, crearíase para o 20 de maio de 1939 a Vicesecretaría de Educación Popular, un organismo dependente da Secretaría General del Movimiento —en poder da Falanxe—, á que se lle outorgou o control da censura e do ámbito mediático. Encargada da observación da produción cultural nas súas diferentes “delegacións”, pronto comezou a controlar a retransmisión das emisoras por todo o territorio nacional, que á súa vez, debían solicitar a aprobación dos contidos musicais que retransmitían¹⁰⁴. Toda a produción cultural, elaborada ou non dentro do estado, e retransmitida por canles oficiais ou legais, pasaba por un rixido filtro, previo á súa difusión. Non obstante, e pese aos discursos mantidos dende as autoridades, en ocasións as prohibicións non chegaban a ser coherentes durante a súa

¹⁰³ Circular No. 80 da Vicesecretaría de Educación Popular, recollida da obra: Iglesias Iglesias, Iván, *La modernidad elusiva. Jazz, baile y política en la guerra civil española y el franquismo (1936-1968)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 2017, p. 34.

¹⁰⁴ Iglesias Iglesias, Iván, *La modernidad elusiva. Jazz, baile y política en la guerra civil española y el franquismo (1936-1968)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 2017, pp. 107-110.

aplicación. Así ocorreu con casos como o da censura do Jazz —nas súas diferentes variantes— no que, como recolle Iván Iglesias, a opinión do franquismo oscilou entre a condena como unha “música dexenerada”, e a súa tolerancia polo seu peso económico e grande popularidade nas orquestras¹⁰⁵, ademais da progresiva perda de influencia da FET de las JONS a partir de 1943.

Como elemento de contraposición, á prohibición dunha música foránea, temos o caso da “copla” durante o franquismo. Neste sentido, a ditadura modificaría os seus compoñentes identitarios, buscando destacar o “español” fronte ao foráneo, así como conformar unha sorte de “xénero nacional”. Neste sentido, Lucía Prieto destaca o seu valor como unha ferramenta na transmisión de valores morais, no que se ben as súas protagonistas son fundamentalmente mulleres transgresoras, os seus desenlaces de condena e exclusión empregaríanse como realidades moralizantes¹⁰⁶.

3.2.1. O control do espazo

No referido ao control de bailes e festas que levou a cabo o franquismo, cabe destacar, en primeiro lugar, o carácter deste tipo de celebracións. O “baile” conformábo a existencia dunha fonte de música, un espazo determinado no que se levaba a cabo, e a propia organización e socialización, a través da acción do baile, pero non necesariamente restrinxida a esta. Os bailes non eran actividades ou ámbitos de ocio e recreo diarios, especialmente no rural, senón que contaban maiormente cunha periodicidade que ía entre as celebracións semanais e anuais, con toda a diversidade de escenarios intermedios. Neste sentido os “bailes” podían ser celebracións en si mesmas, levadas a cabo en cafés, casinos, ou “salóns de baile” ao uso, pero tamén en bares e tabernas ou ao aire libre, tanto en espazos públicos como privados. Por outra parte, tamén se podían levar a cabo, nos mesmos espazos citados, como parte das formas de sociabilidade de festas patronais ou diferentes festividades.

A regulación dos bailes durante a ditadura estaba restrinxida por toda unha serie de permisos previos, que en boa medida contaban fundamentalmente coas mesmas fórmulas de control do réxime que as necesarias para rexentar bares e tabernas. Nestes expedientes podemos atopar dende a solicitude do interesado para realizar un baile, a planos da morfoloxía do local

¹⁰⁵ Ibidem, pp. 124-125.

¹⁰⁶ Prieto Borrego, Lucía, “Más allá del ocio. La copla en el primer franquismo: Patria, pecado y penitencia”, en Claudio Hernández Burgos e Lucía Prieto Borrego (Eds.), *Divertirse en dictadura. El ocio en la España franquista*, Marcial Pons, Madrid, 2024, pp. 52-74.

ou espazo no que se vai a levar a cabo, informes sanitarios, que marcaban a viabilidade e salubridade do espazo, ou declaracións xuradas dos veciños, nos que recollían o seu apoio ou rexeitamento do proxecto, con respecto ás posibles e potenciais molestias . Non obstante, tamén constituía un obxectivo de vixilancia a consideración moral e social do interesado, en respectivos informes da alcaldía e garda civil, como filtro para impedir a celebración deste tipo de eventos a persoas de probada perigosidade social¹⁰⁷.

Aínda superados estes filtros, os locais ou espazos nos que se levaba a cabo o “baile” eran tamén lugares marcados por ese continuo seguimento do réxime, e certas transgresións podían levar a multas ou á clausura e o peche —tanto temporal como definitivo— do establecemento. Este é o caso ocorrido na aldea de Beiro (Carballeda de Avia), nun baixo dunha casa con permiso de “Salón de Baile” rexentado por Cástor R. P., quen foi multado e cuxo local foi precintado ao atopar a unha menor de idade tocando o acordeón no seu interior¹⁰⁸.

3.2.2. O control das costumes: Os enfrontamentos intercomunitarios

As identidades nunca son únicas ou inmutables, nin realidades naturais outorgadas ao nacemento. Son, pola contra, constructos sociais, totalmente cambiantes e maleables, que evolucionan ao longo período histórico. Como destaca José Ignacio Homobono, ao tempo que estas identidades mudan, o “discurso histórico” actúa como un mito fundador e unha ferramenta lexitimadora. Unha visión que se corresponde ao caso da festa, na que rituais ou conmemoracións que lle deron sentido, a miúdo se consolidan como forma de identidade, con independencia da credibilidade dos feitos aos que remitan. Debido a que a súa actuación como elementos aglutinantes da poboación, ven máis da propia realidade que son capaces de conformar¹⁰⁹.

Se ben rituais e conmemoracións mudan, tamén o fixeron os marcos nos que entendemos a identidade local. Pese a que na actualidade adoitamos identificarnos en maior medida coas fronteiras do termo municipal, estas non tiveron un papel tan relevante no rural galego ata fai apenas uns 70 anos¹¹⁰. Por boa parte do século XX, esta identidade local nos

¹⁰⁷ AHPOU, Fondo Orde Público, Permisos de Bailes Públicos, C5420.

¹⁰⁸ AHPOU, Fondo Orde Público, Permisos de Bailes Públicos, C5420, carpeta 2.

¹⁰⁹ Homobono Martínez, José Ignacio, “Fiesta Tradición e identidade local”, *Cuadernos de etnología y etnografía de Navarra*, Vol. 22, No. 55, 1990, pp. 43-58.

¹¹⁰ Se ben na actualidade existe esa tendencia implantada e crecente de identificación co termo municipal, no rural galego aínda conta cunha importante presenza a identificación coa parroquia.

ámbitos rurais, non correspondía coa unidade básica de ordenamento da poboación na administración civil —baseada nos concellos—, senón que se configuraba en relación coas limes de parroquias e aldeas, base para a socialización e organización da poboación do rural. A poboación galega, en xeral, está caracterizada pola súa dispersión territorial, e as comunidades constituídas nos niveis inframunicipais contaron cun maioritario arraigo ata mediados do século XX¹¹¹. Neste sentido, podemos atopar a importancia que tiveron, na totalidade do territorio rural galego, asociacións e organizacións agraristas, constituídas a miúdo a partir de modelos de actuación parroquial ou inferiores, e federadas posteriormente a nivel municipal. Unha visión desta estruturación territorial como propia da realidade galega, adoptada con posterioridade polas organizacións políticas autonomistas, e que tería unha plasmación directa no Estatuto de Autonomía de 1936¹¹², pero cun orixe moito máis antigo. É, en definitiva, a configuración de lazos entre a poboación, a través da propia organización do traballo e de toda unha serie de relacións de solidariedade mutua, que a súa vez contaban con mecanismos de presión para castigar aquelas actuacións discordantes coa vontade maioritaria¹¹³, que en moitas ocasións entraba en directa confrontación co poder franquista.

Un exemplo —en certa medida tardío— desta realidade, podémolo atopar na localidade de Parada de Ventosa (Muíños), para o ano de 1959. A partir dun enfrontamento da maioría da poboación do núcleo rural con outro veciño, por unha disputa sobre a pertenza duns montes comunais, deciden demandar ao individuo que considera os terreos da súa propiedade, e comezan a recadar o diñeiro de forma colectiva para sufragar o litixio. Porén, dúas veciñas néganse a contribuír economicamente, co que, de novo, o resto da comunidade establece unha reunión na que deciden o proceder ante tal transgresión. A decisión efectúase cunha expulsión tanto simbólica como de facto da comunidade, que buscan lexitimar a través dun documento formal elaborado por un avogado da vila do Carballiño. Unha figura que xa lles avisa da nulidade de tal documento, pero que remata por escribir pola relación de amizade con algúns dos asinantes:

¹¹¹ Cabo Villaverde, Miguel, Carballo Gende, Enrique, “Más allá de los tópicos: Sociedad y política en el ámbito rural”, en Lourenzo Fernández Prieto e Francisco J. Leira Castiñeira (Eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista (1936-1960)*, Universitat de València, Valencia, 2023, pp. 69-90.

¹¹² Blanco Valdés, Roberto L., Villares Paz, Ramón, *Galicia. Estatutos de Autonomía 1936 e 1981*, Parlamento de Galicia, A Coruña, 2011.

¹¹³ Cabo Villaverde, Miguel, Carballo Gende, Enrique, “Más allá de los tópicos: Sociedad y política en el ámbito rural”, pp. 69-90.

“En Ventosa del Ayuntamiento de Boborás, a primero de octubre de mil novecientos cincuenta y nueve, comparecen los vecinos de dicho pueblo que abajo firman, a fin de obligarse mutuamente unos con los otros a los siguientes:

- a) A no dirigir la palabra a los vecinos de dicho Ventosa Carmen D. e Isaura D., a consecuencia de ponerse ambas contra los restantes vecinos que suscribimos con motivo de un litigio que actualmente se tramita en el juzgado de instrucción de Carballino, con motivo de la discusión de un camino público contra Dámaso P., obligándose igualmente todos los vecinos a no prestarle herramientas de clase alguna a ninguna de las citadas Carmen e Isaura D.
- b) A que si alguno de los que suscribe infringiera lo dispuesto en la cláusula anterior, habría que satisfacer como multa la cantidad de cien pesetas, las cuales serán utilizadas en obras en beneficio del pueblo.
- c) Que tampoco admitirán ninguno de los que suscribe las citadas Isaura y Carmen D. tengan sus ganados en el rebaño de los demás vecinos del pueblo que abajo suscriben, y el que esto infringiera incurre en la misma multa de cien pesetas.
- d) Que todos los comparecientes se obligan a acatar lo arriba mencionado, y faculte para el cobro de las multas al que sea Pedáneo del indicado pueblo de Ventosa, siéndolo actualmente el facultado Manuel G. F., por ser el Celador de Ventosa que es el realmente facultado para el cobro de las multas, y no el Pedáneo como anteriormente se dijo; y cuando cese el Sr. G. F. de ser Celador, cobrará las multas el nuevo Celador que se designe, siempre y cuando sea alguno de los que suscriben o descendiente de los mismos, pues de designarse otro celador que no reúna esa condición, entonces quedará facultado para seguir cobrando las multas la persona de más edad de los abajo firmantes.

Así lo dicen, otorgan y firman”¹¹⁴

Os feitos narrados rematan por ser constitutivos dun delito de asociación ilícita, cos asinantes condenados a sendas penas de 6 meses de prisión menor, mentres ao avogado que redacta o texto se lle impón unha multa de 1.000 pesetas, na condición de cómplice. É, polo tanto, unha clara intromisión do poder estatal nos mecanismos e fórmulas de autorregulación das comunidades rurais. Mais, ao tempo, móstranos outra forma relación destas poboacións co estado —levada a cabo en paralelo—, como é a vía legal para dirimir a propiedade duns supostos montes comunais, ou a busca dunha formalización do “pacto de ostracismo”, dirixido cara as dúas veciñas que rachan coa decisión grupal.

¹¹⁴ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 31 de maio de 1960.

3.2.2.1.Os enfrontamentos, evolución e formas de control.

Polo tanto, estas comunidades tradicionais eran realidades vivas e orgánicas, caracterizadas por códigos e prácticas, tamén en continua evolución e adaptación á propia realidade de cada momento. Unha destas prácticas que levaron a cabo, foron os enfrontamentos intercomunitarios, entre mozos de parroquias rivais. Unha forma de violencia que constituiría unha constante nas sociedades rurais galegas dende séculos atrás. Manifestacións que non conformaron nunca unha realidade restrinxida ao territorio galaico, sendo recollidas ao longo de toda a xeografía europea, pese a que no caso galego si que contaron cunha maior permanencia no tempo, resultado da propia evolución do territorio, polo tardío da crise e paulatina desarticulación das sociedades tradicionais do rural¹¹⁵.

Estes modelos constituían pequenas batallas campais, producidas no lugar da festas, da man de homes mozos solteiros (con paus, pedras, navallas e mesmo armas de fogo), a partir dalgún evento concreto que iniciara as hostilidades. En moitas ocasións tamén estaban reguladas por certos códigos de comportamento intrínsecos, como era o ataque so enfocado contra quen representaban ser os seus rivais directos, sen actuar en contra dos outros asistentes, así como rematar o enfrontamento coa conquista simbólica do espazo en disputa (o campo da festa)¹¹⁶. De igual forma, estas liortas non debían ser denunciadas polos seus participantes, nin por outros integrantes das comunidades, compartindo unha visión negativa das posibles inxerencias das autoridades.

A ditadura de Primo de Rivera exerceu un maior control restritivo nas celebracións no rural, para un fenómeno que tivera un alcance cada vez maior nas últimas décadas, cunha presenza continuada na prensa, e un suposto recrudecemento das liortas. Unha autopercepción que Cabo Villaverde e Vázquez Varela destacan como xa presente no período, con transgresións das normas básicas que debían de regular o conflito, e unha aparición crecente das armas de fogo. Se ben consideran posible que o cambio na concepción dos enfrontamentos responda máis a unha mudanza das mentalidades, que non das meras prácticas. Sexa como for, materializouse nunha maior presenza de controis e cacheos aos mozos en busca de potenciais armas, así como noutra serie de formas de control social¹¹⁷.

¹¹⁵ Cabo Villaverde, Miguel, Vázquez Varela, José Manuel, “Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea”, *Hispania: Revista española de historia*, Vol. 75, No. 251, 2015, pp. 781-804.

¹¹⁶ *Ibidem*, pp. 785-786.

¹¹⁷ *Ibidem*, pp. 784-790.

2.1.1.1.Os casos rexistrados no período franquista

Coa chegada da Guerra Civil e o franquismo ábrese outra etapa no referido a estes enfrontamentos. En primeiro lugar cabe destacar unha clara continuidade nas medidas de control social, que interveñen directamente sobre as comunidades rurais e na súa potencialidade como activos focos de conflitividade. Deste modo atopamos cacheos e intervencións das forzas do orde durante bailes, festas e romarías. Como o caso ocorrido na aldea de Pereira (Entrimo) para comezos de setembro de 1941. Nela, durante uns cacheos da garda civil no campo da festa, no que se estaban a levar a cabo as celebracións en honor de Santa Magdalena, foille requisado un revolver cargado da marca “Smith” a Manuel R. A., mozo solteiro de 25 anos de idade, natural da localidade de Parada, do veciño concello de Entrimo¹¹⁸. O feito de portar unha arma en estado funcional, sen a guía de pertenza nin a necesaria licenza de uso, e aínda sendo considerado como individuo de boa conduta e sen antecedentes que denotaran perigosidade, levarían a súa inmediata entrada en prisión provisional polo delito de Tenencia de Armas¹¹⁹. Finalmente, sería condenado a 250 pesetas de multa.

Tamén para o mes de setembro, desta vez do ano 1945, sería detido Antonio D. A., mozo solteiro de 21 anos, labrador e natural de Senderiz (Lobeira), domiciliado para a data na cidade de Vigo. Este acudía na compañía doutros mozos a unha festa na localidade de San Xes de Vilariño (Lobeira), na súa mesma parroquia, cando é sorprendido na taberna da localidade por un rexistro da garda civil, que estaban a realizar cacheos aos homes mozos. É no momento no que atopan e incautan a pistola marca “Veloz” —cargada e funcional— que portaba Antonio sen a guía e licenza de uso necesarias. Detido e ingresado en prisión provisional, sería procesado e condenado a tres meses de arresto maior¹²⁰, tras verificar a súa boa conduta e comprobar que “carece de antecedentes penales que revelen especial peligrosidad”. Unha pena elevada que só se aplica para os delitos de tenencia de armas a partir da publicación do Código Penal de 1944.

Estas dúas causas, no contexto dos casos de tenencia ilícita de armas de fogo dentro da provincia, contrastan coa detención de José Antonio V. F., para o 19 de setembro de 1950. O antigo militante das FET de las JONS—condecorado coa medalla de la Vieja Guardia—, de 43

¹¹⁸ATXOU, Libro de Sentenzas de 1941, sentenza do 3 de decembro de 1941.

¹¹⁹ Cabe lembrar que, para 1941, a legalidade vixente no referido ao delito de “tenencia de armas de fogo” seguía a rexerse pola lei do 22 de novembro de 1934, e aínda non polo máis restritivo Código Penal de 1944.

¹²⁰ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 13 de marzo de 1946.

anos de idade e domiciliado en Xurenzás (Boborás), atopábase na romaría celebrada pola virxe da Saleta na veciña parroquia de Asturenses, cando foi interceptado pola garda civil¹²¹. Estes ocupan o revolver funcional de marca “Ruby” que portaba consigo, pola falta da guía necesaria para a posesión da arma —pese a si contar co permiso de uso—. A detención da comezo ao futuro proceso xudicial contra José Antonio, tras o que é detido e chega a ingresar temporalmente en prisión provisional, pese a declarar que consideraba necesaria a posesión da arma debido á súa condición de militante do *Movimiento*, pola que se atopaba en “servizo permanente”. No xuízo, celebrado no xulgado do Carballiño para o 4 de abril de 1951, rematan por declarar a absolución do procesado, amparado na falta dunha “intención delictiva” e “por hallarse el procesado en la creencia racional de que estaba debida y completamente autorizado” a portar a arma, se ben tamén realizan a decomisión da mesma.

A través destes datos, podemos configurar un mapa visible da actuación e vontade inquisitiva e de control do réxime. Non só da mera disidencia explícita, senón da totalidade dos espazos de socialización. Cun maior ou menor éxito, tamén en medida do papel adoptado polas autoridades locais.

No referido propiamente aos enfrontamentos intercomunitarios, máis aló dos rexistros en bailes e tabernas, se ben estes diminúen en número coa chegada da Guerra Civil volvemos a atopalos coa institucionalización do novo réxime. No caso estudado, da provincia de Ourense, a través das fontes documentais de sentenzas e causas xudiciais, podemos atopar estes casos durante a totalidade da década de 1940 e, en menor medida, para o decenio seguinte.

As causas destes conflitos varían, e conforman xa de por sí un interesante foco de estudo. Temos o caso de traballos de campo, como o realizado por Emilio Alonso Gayoso, centrado nas aldeas do sueste ourensán de San Pedro de Pousada (Riós) e Moialde (Vilardevós)¹²². Dous núcleos limítrofes, caracterizados por enfrontamentos e rivalidades anteriores. Un traballo que se enfoca a partir de casos de estudo moi concretos, e localizados nun espazo de apenas varias decenas de kms, para o que ofrece un reiterado uso das fontes orais locais.

Neste sentido, Alonso Gayoso debuxa fundamentalmente dúas causas para os enfrontamentos. En primeiro lugar aqueles derivados da competición pola atención das mozas,

¹²¹ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1951, sentenza do 4 de abril de 1951.

¹²² Alonso Gayoso, Emilio, “Violencia rural intercomunitaria no sueste de Galicia. Un caso concreto: Moialde contra San Pedro de Pousada”, *Cuadernos de estudios gallegos*, Vol. 62, No. 128, 2015, pp. 305-333.

entendido nunha mera rivalidade polos recursos das comunidades¹²³. En sociedades cunha mobilidade máis limitada, o casamento cunha persoa de fora da comunidade podía considerarse como prexudicial ao lugar de orixe. Configurábase como unha menor disposición de recursos e de man de obra a futuro para os solteiros da zona, alén das propias lóxicas dunha necesaria proximidade xeográfica para a explotación óptima dos recursos, proporcionados por cada un dos integrantes da unión marital¹²⁴. Non obstante, en bailes e outras celebracións, as mulleres podían establecerse cun papel oposto ao dos seus conveciños masculinos, sen necesariamente adoptar posicións pasivas. Nesta liña atopamos condutas como o prendido de fachóns, para avisar de festas e celebracións espontáneas a mozos doutras aldeas, non recollidas polo calendario tradicional, ou actuacións como as de quedar con dous mozos ao mesmo tempo para o baile¹²⁵.

Pola outra banda, contamos con diversas causas que puideron dar lugar ao resentimento mutuo entre as aldeas, dando paso posteriormente aos enfrontamentos. No caso de San Pedro de Pousada e Moialde, os veciños daban conta de anteriores enfrontamentos entre as aldeas polos montes comunais —fundamentais nas economías do rural—, como a suposta orixe da rivalidade¹²⁶.

En boa medida estas configuran as mesmas categorías básicas que podemos aplicar nas causas procedentes dos xulgados de primeira instancia da provincia. Por unha banda os enfrontamentos por “causas de amores”, que se recollen como tal, e por outra toda unha diversidade de casos, que en ocasións non podemos determinar cal foi a súa orixe, e mesmo chegan a formular problemas se intentamos adscribilos a modelos de comportamento moi concretos.

No referido aos enfrontamentos “por razóns de amores”, contamos con casos como o ocorrido na festa celebrada en honor de Santa Cristina na aldea de Bustelo (Vilardevós), para xullo de 1945. Nel producíronse as agresións con paus e pedras como armas, no campo da festa, entre os mozos da Devesa e Trasigrexia, ambas aldeas do concello de Vilardevós¹²⁷. Tamén contamos con diversos exemplos de hostilidades, nas que non se recollen un comezo

¹²³ *Ibidem*, pp. 320-321.

¹²⁴ Cabo Villaverde, Miguel, Vázquez Barela, José Manuel, “Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea”, pp. 793-797.

¹²⁵ Alonso Gayoso, Emilio, “Violencia rural intercomunitaria no sueste de Galicia. Un caso concreto: Moialde contra San Pedro de Pousada”, pp. 320-321.

¹²⁶ *Ibidem*, pp. 321-322.

¹²⁷ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 15 de marzo de 1946.

por “razóns de amores” na causa. É o caso ocorrido para o 23 de setembro do ano 1945, na romaría celebrada na aldea de Vilardemilo (Viana do Bolo). A ela acoden diferentes grupos de mozos, procedentes uns da aldea de Sever e outros das aldeas de Seoane de Abaixo e Seoane de Arriba, estes últimos compartindo unha identidade común ao pertencer todos á mesma zona coñecida como “A Chaira”. Unha realidade que fai fincapé na importancia das identidades inframunicipais nestas sociedades. Máis aínda, se temos en conta como comezaron os enfrontamentos recollidos na sentenza, ao berro de “Viva La Chaira y muera Sever”, iniciando o ataque de forma “conxunta e simultánea”¹²⁸. De igual xeito, contamos tamén cos enfrontamentos nunha festa en Tourós para maio de 1946, entre os mozos desta aldea e os de Mugueimes, todos pertencentes ao concello de Muíños, “en el que golpearon con palos en acción conjunta”¹²⁹. Ou os disturbios levados a cabo na aldea de Monteveloso (Castrelo do Val), para marzo de 1957, entre mozos de Piornedo (Castrelo do Val) e os de San Pedro de Trasverea (Riós). O enfrontamento dera comezo por antigos resentimentos, e escalou de forma rápida co homicidio dun dos mozos, e as ameazas de morte proferidas por outro, ao descubrir un arma da que non posuía guía nin licenza de uso, pero que non chega a empregar¹³⁰.

Todos os casos aquí estudados podemos, en boa medida, consideralos como excepcións polo mero feito de chegar ao xulgado. Conforman unha parte ínfima da realidade que nos mostran outras fontes, como son as propias entrevistas orais. Porén, tamén podemos consideralos como indicios da procura do réxime franquista (ao igual que anteriores administracións do estado), por levar a cabo un control efectivo do rural, do seu día a día, do seu ocio e de todo aquilo que conformara unha potencial ameaza.

2.2.O control das festas. O caso do Entroido

Como xa vimos con anterioridade, a cultura festiva e o ámbito festivo configurouse para o franquismo, ao igual que para outros réximes semellantes, como un importante mecanismo de mobilización social ao que dar uso¹³¹. As festas populares non só se establecen como unha mostra da realidade cultural e política, de cada comunidade e sociedade na que se inscriben,

¹²⁸ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1947, sentenza do 18 de febreiro de 1947.

¹²⁹ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1947, sentenza do 18 de febreiro de 1947.

¹³⁰ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1957, sentenza do 10 de decembro de 1957.

¹³¹ Hernández I Martí, Gil Manuel, “Las Fallas de València bajo el franquismo. La reinención integral de una fiesta”, en Claudio Hernandez Burgos e Cesar Rina Simón, *El franquismo se fue de fiesta. Ritos festivos y cultura popular durante la dictadura*, Universitat de València, València, 2022, pp. 25-26.

senón que tamén se configuran como o espazo perfecto para a modificación desta realidade¹³². Non obstante, no caso do entroido, en lugar de acudir a unha redirección da festividade por parte do franquismo, a unha reelaboración dos seus símbolos e unha adaptación ao novo réxime político, o que nos atopamos é unha prohibición directa destas festividades. Porén, ata que punto foi aplicada dita prohibición, e cal foi o seu percorrido nas sociedades rurais ourensás?

2.2.1. Entroido, unha celebración controvertida para o réxime

O entroido, configúrase historicamente como unha festividade amplamente recollida en toda a xeografía do estado, e que se enmarca e celebra tanto en sociedades rurais como en comunidades urbanas, como un período de divertimento, de celebracións e desenfreo previos á abstención e sobriedade da coresma. Se ben comparte un calendario común, regulado dentro dos tempos das celebracións cristiáns, contará cunha ampla diversidade a nivel local¹³³, con prácticas comúns e distintivas, continuístas e novidosas. Unha celebración que, se ben se conforma dentro do dito calendario cristiá, constituíu un obxectivo de denuncia da igrexa, polas prácticas e transgresións morais que nela se levaban a cabo. O entroido tradicionalmente garda un carácter contestatario e subversivo, e durante a II República esta realidade potenciábase en certas provincias, como é o caso de Cádiz. Este territorio, e en especial a capital gaditana, contaba cun amplo arraigo vencellado as celebracións das *carnevolendas*, conservándose ata actualidade como un dos seus referentes no estado.

As celebracións do entroido conforman un espazo complexo, e así o foi tamén a súa regulación dende períodos anteriores ao réxime franquista ou á II República. O emprego de máscaras e disfraces, indumentaria que dificulta a identificación dun individuo, converteuse en numerosas ocasións no punto de mira de bandos locais e outras regulacións, cando non de diferentes formas de actuación directa¹³⁴. Intervencións realizadas en numerosas ocasións por mor dos enfrontamentos ou disturbios ocorridos na velada¹³⁵. Tamén durante a ditadura de

¹³² Hernández Burgos, Claudio, Rina Simón, Cesar, “Investigar el franquismo desde las fiestas populares”, en Claudio Hernández Burgos e Cesar Rina Simón, *El franquismo se fue de fiesta. Ritos festivos y cultura popular durante la dictadura*, Universitat de València, València, 2022, pp. 11-12.

¹³³ Fidalgo Santamariña, José Antonio, “Las transformaciones del carnaval a través del caso gallego”, en Jorge Uría González (Ed.), *La cultura popular en la España contemporánea*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2003, pp. 55-56.

¹³⁴ Atopamos na prensa local da época referencias a toda una serie de limitacións, tanto aos disfraces a as vestimentas permitidas nas rúas, como regulacións do comportamento e das accións da poboación. “Ahora que viene Momo”, *La Voz de Galicia*, 17 de febreiro de 1914, p. 2.

¹³⁵ Para o 20 de febreiro de 1904, o xornal mallorquino *El Obrero Balear* —vencellado á Federación Socialista Balear—, da conta dun enfrontamento entre sectores conservadores coa organización Juventud Republicana. Os

Primo de Rivera se buscaría limitar a festividade, como ocorreu a través da Real Orden Circular No. 86, de febreiro de 1929. Este documento da conta dunha celebración da que, se ben se recoñece o seu antigo orixe e a súa natureza como unha fonte de divertimento e alegrías¹³⁶, tamén se considera en franca decadencia, polo que se pon en dúbida o seu mantemento como datas non-laborables. Neste sentido “co fin de coartar un período festivo demasiado prolongado no tempo”, pasase a decretar ao luns e martes de entroido como días laborables e non festivos, nos que quedan prohibidos comparsas e disfraces, que a partir deste momento estarán restrinxidos dende a noite do sábado ao amencer do luns de entroido. Actuacións xerais que, aínda sen entrar nas numerosas regulacións locais existentes, mostran como o entroido viña dunha longa tradición de prohibición e censura, dende diferentes niveis e instancias gobernativas.

Esta realidade levou á cúpula dos sectores militares sublevados a prohibir a súa celebración xa para o ano 1937, coa inicial desculpa do conflito, “circunstancias excepcionais” que impuñan un “retramiento de las alegrías internas”. Ano tras ano aparecerían publicados na prensa os avisos da prohibición das celebracións, e continuou en vigor con moita posterioridade a 1939, afastándose da natureza dunha prohibición transitoria, xustificada polo conflito bélico.

“Gobierno General

Orden circular

En atención a las circunstancias excepcionales porque atraviesa el país, momentos que aconsejan un retramiento en la exteriorización de las alegrías Internas, que se compaginan mal con la vida de sacrificios que debemos llevar, atentos solamente a que nada falte a nuestros hermanos que velando por el honor y la salvación de España luchan en el frente con tanto heroísmo como abnegación y entusiasmo, este Gobierno General, ha resuelto suspender en absoluto las fiestas de Carnaval. Y a estos efectos encarezco a V. E. tome las disposiciones oportunas para su más exacto cumplimiento, evitando pueda celebrarse ninguna clase de estas fiestas en días tan señalados en los que nuestro pensamiento debe de estar de corazón al lado de los que sufren los rigores de la guerra y de los que ofrendan su vida en defensa de nuestra santa causa de redención. Valladolid 3 de febrero de 1937. El Gobernador General, Luis Valdés,

Sres, Gobernadores civiles.”¹³⁷

disturbios producíronse a causa da presenza dunha carroza republicana no desfile do entroido de Palma de Mallorca. “La fiesta del carnaval”, *El Obrero Balear. Periodico defensor de la clase trabajadora*, 20 de febreiro de 1904, p. 1.

¹³⁶ “Real Orden Circular No. 86 de 19 de febreiro de 1929”, *Gaceta de Madrid*, No. 51, 20 de febreiro de 1929, pp. 1367-1368.

¹³⁷ “Orden Circular suspendiendo las fiestas del carnaval de 5 de febrero de 1937”, *Boletín Oficial del Estado*, 5 de febreiro de 1937, No. 108, p. 321.

Polo tanto, as restricións das celebracións do entroido entran dentro do marco de control social franquista das festas e ao ambiente lúdico. Unha prohibición que, neste caso, se constituía polas presións dos sectores católicos, e polas propias características da festividade, identificada con bailes e celebracións escandalosas e grotescas, mediante o emprego de máscaras, perrucas, disfraces e todo tipo de indumentaria que facilitaba as transgresións baixo un certo anonimato. En conxunto, constituían un potencial perigo de orde pública para o novo Estado¹³⁸.

2.2.2. As prohibicións e sancións do ocio no entroido, nos primeiros anos do franquismo

Dentro das infraccións do control social exercido polo franquismo, e da prohibición explícita das celebracións do entroido atopamos, por exemplo, as multas a un grupo de 7 mulleres para febreiro de 1940 en Aragón, recollido polo autor Óscar Lopez Acón. Estas desobedecerían a prohibición da celebración de bailes por tales datas, acudindo ao encontro, e portando mantillas ás costas que as autoridades franquistas apuntan, “proyectaron usar en el disfraz”. Neste caso as mozas eran un obxectivo claro de vixilancia do réxime como potenciais elementos subversivos, pois se ben non manifestaran “malas conductas”, eran fillas de antigos sindicalistas da UGT, e “como hijas de elementos que pertenecieron al Frente Popular, se las considera afectas al mismo”¹³⁹. Porén, estas actitudes de desobediencia ante a prohibición da celebración de bailes e festividades, podemos atopalas en todo tipo de perfís e figuras, cun amplo rango de maior ou menor adscrición a ditadura.

En primeiro lugar, cabe ter en conta que ditas prohibicións non foron igual de estritas para toda a poboación de forma homoxénea. En moitas ocasións os lugares de recreo das clases altas das vilas e cidades si que foron autorizados a abrir nestas datas, omitindo a denominación de “bailes de carnaval”, e mantendo limitacións como a de portar disfraces ou máscaras¹⁴⁰. Esta distinción está directamente baseada na consideración das clases populares como potenciais focos contestatarios e subversivos, un perigo menor no caso das clases altas urbanas. Se ben contamos tamén con casos nos que as últimas foron obxectivo da vixilancia activa da ditadura,

¹³⁸ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 310-311.

¹³⁹ Lopez Acón, Oscar, “El control del “orden moral” en Aragón durante el primer franquismo (1939-1956)”, pp. 74-75.

¹⁴⁰ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 312-313.

como recolle Gloria Román Ruiz, acerca dunha reunión dun grupo de matrimonios burgueses da Coruña en Elviña, que aparecerían disfrazados para o martes de entroido do ano 1945¹⁴¹.

Non obstante, pese aos impedimentos e o control impostos pola ditadura, contamos con diversos rexistros de transgresións da prohibición do entroido en diferentes puntos da provincia. Un destes casos é o ocorrido para 1943 na vila de Xinzo de Limia, coa celebración de bailes, o emprego de disfraces, e á organización dun “enterro da sardiña” para o mércores de cinza. Unha realidade amparada baixo a permisividade do alcalde do concello para estes anos, Honorio Peleteiro, e denunciada polo crego da localidade ante o Goberno Civil de Ourense. Este feito comportaría grandes multas aos establecementos nos que se realizaban os bailes, de 1000 e 2000 pesetas respectivamente ao *Café Ideal* e o *Casino Antelano*. A maiores, tamén se emitirían multas e o encerro na cadea de varios veciños que alí se atopaban¹⁴², e finalmente supuxo unha multa de 500 pesetas e destitución ao alcalde da vila¹⁴³.

Neste sentido, e a partir desta fonte documental, podemos atopar varias dinámicas en relación cos diferentes papeis que podían asumir as autoridades locais. En primeiro lugar cabe destacar as desavinzas entre a autoridade relixiosa e a civil, representadas no crego e no alcalde da localidade de Xinzo de Limia respectivamente, que podería vir na liña doutros exemplos de pugna por unha maior cota de poder ou relevancia no ámbito municipal¹⁴⁴.

Na provincia de Ourense contamos con outras situacións semellantes, como a denuncia de celebracións duns bailes, se ben non de entroido, na localidade de Vilar de Santos, para o ano 1958. Neste caso a orixe da investigación sería a partir dunha carta, que José Benito P. P., crego da localidade, dirixe ao Goberno Civil de Ourense. Nela recolle tanto a celebración dos “macabros bailes”, como a inoperancia da garda civil nas súas funcións, ou a situación de parte da corporación municipal como colaboradores interesados:

“No hará más de un mes aproximadamente que por primera vez ponía en conocimiento de V. E. estos abusos y lamento que muy poco se hizo por cortarlos firmemente no haya sido por culpa de V. E. sino de los que pueden tirar de boicotear sus disposiciones más o menos solapadamente (...) El que

¹⁴¹ Idem.

¹⁴² Martínez Cerredelo, Edelmiro, *Historia de Xinzo de Limia*, Grupo Pedro González de Ulloa de Estudos Históricos da Limia, p. 174.

¹⁴³ AMCXL, Fondo Ceses e dimisións de concelleiros e alcaldes, o documento transcrito foi recuperado de: Martínez Cerredelo, Edelmiro, *Historia e memoria: A Limia: 1931-1953*, Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso”, Ourense, 2008, pp. 293-294.

¹⁴⁴ Gloria Román Ruiz recolle un enfrontamento semellante, entre a corporación municipal e o crego local, por un enfrontamento a raíz da celebración dun “enterro da sardiña”, no municipio almeriense de Albanchez, para o ano 1950. Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, p. 316.

organiza dichos bailes sigue siendo un empleado de este ayuntamiento, apoyado por el Sr. Secretario (...)"¹⁴⁵

Volvendo a causa de Xinzo de Limia, en boa medida tamén nos refire á esa identificación dos rexedores locais —que xa recollemos con anterioridade—, de membro dunha comunidade e máxima autoridade local. Se ben, na grande maioría dos casos, os rexedores non levaban a cabo transgresións tan directas, tamén hai que entrar a considerar a importancia desta festividade como un período de recreo, parte dun calendario tradicional cunha maior relevancia nos ámbitos rurais, ou máis aló das cidades, onde a oferta lúdica era máis limitada¹⁴⁶. Neste sentido, o entroido conta cunha grande importancia para a poboación das sociedades rurais do momento, de forma transversal, máis aló de adeptos ou disidentes. Polo que as peticións de permisos para as celebracións de bailes durante o período, proviñan tamén dende sectores afectos ou vencellados ao réxime franquista, pero pertencentes as clases populares. Unha demanda da que nalgúns casos os alcaldes eran conscientes¹⁴⁷, é que en ocasións aparecía nas solicitudes de permisos por parte dos particulares, como as razóns das mesmas:

“EXPONE:- Que, dado la falta de diversiones honestas en que poder la juventud de esta Parroquia de San Juan de Moura invertir las horas libres y de asueto de los domingos y días festivos, a V. E. muy encarecidamente.”¹⁴⁸

De igual forma, a partir de 1936 e durante a década de 1940, moitas “figuras” dos entroidos da provincia, así como outras prácticas festivas, vivirían unha persecución máis intensa que a experimentada en períodos posteriores. Estas foron as experiencias vividas por aqueles que constituían a figura do Felo de Maceda, e ás que podemos achegarnos a través das fontes orais.

En primeiro lugar, cabe destacar que o Felo era unha personaxe pertencente aos entroidos rurais do concello, xa de por si sen un papel tan marcado dentro das propias celebracións da vila de Maceda. Non obstante, o perigo que comportaba o pequeno núcleo urbano, pola maior vixilancia como sede do concello e a presenza do cuartel da Garda Civil, afastaría aos felos de acudir polas posibles repercusións de ser detido portando o traxe. O Felo

¹⁴⁵ AHPOU, Fondo Orden Público: Permisos de Balies Públicos, caixa 5420, carpeta 12.

¹⁴⁶ Lopez Acón, Oscar, “El control del “orden moral” en Aragón durante el primer franquismo (1939-1956)”, pp. 77-78.

¹⁴⁷ Ídem.

¹⁴⁸ Fragmento da solicitude de Eligio S. C. para o establecemento dun salón de bailes na parroquia de San Xoán de Moura (Nogueira de Ramuín), para o ano 1958. AHPOU, Fondo Orden Público: Permisos de Balies Públicos, caixa 5420, carpeta 11.

a maiores é unha figura que se caracteriza, e se caracterizaba, por non contar cun núcleo de actuación específico. Se ben podemos atopar a súa presenza nas aldeas das parroquias de Castro de Escuadro, A Costa e Tioira fundamentalmente, a tradición esixía a súa mobilidade por boa parte do Val do Medo. A maiores, a indumentaria coloreada que compón a figura, a grande máscara, e as cinco chocas que portan ás costas, convertíalos en potenciais obxectivos das parellas da garda civil¹⁴⁹.

2.2.3. Mudanzas para a década de 1950

A partir de finais da década de 1940, e durante a década de 1950, o réxime vivirá unha serie de paulatinos cambios. Podemos atopar unha diminución da represión vivida, nun escenario no que diversos autores destacan como se pasaba da “miseria” á “pobreza”, traendo consigo a “dilatación do consentimento”. A década dos anos cincuenta confórmase polo tanto como un período chave, no que se consolidan os apoios á ditadura, e se amplían as súas bases sociolóxicas¹⁵⁰.

É durante estes anos que podemos comezar a atopar exemplos de festividades de entroido resignificadas por parte da ditadura. Un exemplo son as “Fiestas de Coros”, celebradas na cidade de Cádiz durante datas correspondentes ao entroido, e que se puxeron en marcha a partir do ano 1949. A palabra “carnaval” estaba prohibida durante estas celebracións, e conformaban unha sorte de festividades en menor escala, e que intentaba eliminar as características transgresoras que marcaran a celebración en anteriores períodos. Tamén, as agrupacións que formaban parte das “Fiestas de Coros” estaban sometidas a unha férrea censura previa, e había unha forte presenza policial nas rúas durante a súa celebración¹⁵¹. Pero pese a todo isto, permitían un certo desfrute lúdico da poboación, en datas establecidas tradicionalmente para tal fin¹⁵².

¹⁴⁹ Entrevista a M.L., 4 de abril de 2025, Varxela. Entrevista a E.G., 9 de abril de 2025, Maceda.

¹⁵⁰ Fuertes Muñoz, Carlos, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, pp. 154-156.

¹⁵¹ Román Ruiz, Gloria, *Franquismo de carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*, pp. 313-316.

¹⁵² Outros casos da relativa maior permisividade do franquismo coas festividades do entroido ao longo dos anos cincuenta, podémolos atopar no traballo de Santiago Moreno Tello, con reunións e bailes no sur peninsular e nas Illas Canarias nos que se chegaron a permitir o emprego de disfraces. Moreno Tello, Santiago, *La clase obrera gaditana (1949-1959). Una historia social a través de las fuentes populares*, Universidad de Cádiz, Cádiz, 2006, e Moreno Tello, Santiago, *El carnaval silenciado. Golpe de Estado, guerra, dictadura y represión en el febrero gaditano (1936-1945)*, Tesis doctoral, Cádiz, 2015.

Volvendo ao caso dos Felos de Maceda, contamos con varias entrevistas que nos permiten debuxar o escenario vivido no concello dende a segunda metade da década de 1950, e especialmente nos anos 60 e 70. Por unha banda, contamos coa testemuña de Manuel L.¹⁵³, nado en 1947, e veciño da aldea de Barxela, da parroquia de Vilardecás. Por outro lado está a entrevista realizada a Emilio G.¹⁵⁴, nado en Sarreaus no ano 1950, na parroquia de Tioira. Ambos vístense de felos dende a adolescencia, e criáronse e viven na actualidade nestas aldeas, moi próximas entre si, é pertencentes aos núcleos de maior tradición no emprego do traxe.

Ambos os dous entrevistados contan cunha experiencia similar e fan referencia á mesma sorte de aceptación parcial por parte do réxime da celebración do entroido. Neste sentido, recordan a presenza de felos no seu entorno próximo dende a nenez, a súa entrada no uso do traxe correspóndese entre os 14 e 16 anos de idade, e ambos afirman non lembrar ter vivido problemas coas autoridades, o que vinculan principalmente aos primeiros anos da ditadura. Porén, si que falan do medo continuo á unha posible confrontación, polo que desenvolverían fórmulas de respecto ante as autoridades no caso de encontrarse con elas en camiños e aldeas, como é a retirada das máscaras ante a patrulla da garda civil e ao pasar diante das igrexas. Finalmente, tamén falan ambos dun medo presente á acudir a propia vila de Maceda, como o centro da unidade política e administrativa local, que elevaba as posibilidades de encontro coas autoridades policiais. Unha precaución que compartiran os dous entrevistados nun comezo, aínda que Emilio finalmente si que remataría por acudir con regularidade á vila portando o traxe, convencido polo grupo de amizades coas que se “vestía”¹⁵⁵.

Polo tanto, o que atopamos é un cambio de actitude do réxime ante a celebración do entroido, moi claro nos contextos rurais de Ourense. Unha realidade que se reforza con outras fontes documentais, como as fotografías a persoas disfrazadas. Na ampla variedade de elementos diferentes que se documentan, podemos atopar tamén as inversións dos ideais estéticos vencellados ao xénero, con homes e mulleres travestidas (*Fig. 1-2*), así como a outros individuos ou grupos vestidos de “pantallas”¹⁵⁶ (*Fig. 3-4*), incluso entre elas meniños e na propia vila de Xinzo de Limia, xa dende finais da década de 1940 e comezos de 1950. Imaxes realizadas a pleno día e nas rúas da vila, que sen un apoio tácito ou unha omisión de funcións dende as instancias de goberno local e da garda civil non serían posibles.

¹⁵³ Entrevista a M.L., 4 de abril de 2025, Varxela.

¹⁵⁴ Entrevista a E.G., 9 de abril de 2025, Maceda.

¹⁵⁵ Entrevista a M.L., 4 de abril de 2025, Varxela. Entrevista a E.G., 9 de abril de 2025, Maceda.

¹⁵⁶ As “pantallas” son figuras tradicionais do entroido de Xinzo de Limia.



Fig. 1. Homes disfrazados no entroido de Xinzo de Limia, ca. 1948-1949, Fonte: Martínez Cerredelo, Edelmiro, O Entroido de Xinzo de Limia. Tradición, respecto, sentimento, Asociación cultural A Pantalla, Ourense, 2021, p. 257.



Fig. 2. Mulleres disfrazadas no entroido de Xinzo de Limia, ca. 1950-1955, Fonte: Martínez Cerredelo, Edelmiro, O Entroido de Xinzo de Limia. Tradición, respecto, sentimento, Asociación cultural A Pantalla, Ourense, 2021, p. 260.




Fig. 3. Meniño vestido co traxe tradicional da Pantalla no Entroido da vila de Xinzo de Limia, ca. 1950-1952, Fonte: Martínez Cerredelo, Edelmiro, O Entroido de Xinzo de Limia. Tradición, respecto, sentimento, Asociación cultural A Pantalla, Ourense, 2021, p. 214.



Fig. 4. Rapaces vestidos do traxe tradicional de Pantalla na vila de Xinzo de Limia, imaxe realizada polo fotógrafo Xosé Vázquez Arias, "O Rizo", ca. 1950-1960, Fonte: Xosé Vazquez Arias, Rizo. Tres décadas de imaxes prodixiosas, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 2008, p. 177.

3. Máis aló do ocio. O control do corpo feminino.

A chegada do réxime franquista significou un grande recorte das garantías sociais, tamén no referido ao camiño cara o recoñecemento das mulleres máis aló do fogar. Neste sentido, a

ditadura conformará un período de acentuación do atento control do corpo feminino, da súa sociabilidade, ou capacidade reprodutiva, agora sometida á vontade e moral da igrexa e do réxime. Neste sentido, queremos adentrarnos nas fórmulas de vixilancia e control do corpo da muller, a través das causas recollidas nos libros de sentenzas da Audiencia Provincial de Ourense.

3.1. Da “muller moderna” á “nova muller” franquista. Modelos de feminidade.

A partir da I Guerra Mundial adopta unha grande forza o novo modelo da “muller moderna”, que se desenvolverá en maior medida na década de 1920. Un modelo que en España só sería adoptado por pequenos sectores da burguesía, pero que conformaron toda unha serie de transgresións aos ideais e canons do período, tanto de comportamento como estéticos, enfrontados ao ideal do “anxo do fogar”¹⁵⁷. É a constitución dun novo paradigma, que tamén se plasmaba nunha liberalización da concepción do amor e das relacións sexuais. A busca de rachar coa premisa tradicional de conquista, de “facer o amor”, nunha relación unidireccional entre o home e a muller, no que o primeiro busca esgotar a recomendada oposición activa da segunda, que conta cun papel pasivo. Neste contexto dáse a aparición do *flirt*, que constitúe unha transgresión co papel de cada un dos individuos no proceso de conquista, configurando unha estrutura máis igualitaria, onde ambos son participantes activos do proceso¹⁵⁸. Con todo, é unha concepción minoritaria, conformado por sectores burgueses, e cara a que a que podemos atopar activas reticencias na prensa da época, con críticas ao novo modelo estético e de socialización configurado após da Gran Guerra¹⁵⁹.

Coa chegada da II República déronse mudanzas fundamentais na configuración do estado, e no papel que as mulleres ían a contar dentro do mesmo, xa que se ben o período republicano tampouco chegaría a significar unha mudanza consubstancial en moitas materias —non o foi para a concepción social das mulleres nos ámbitos populares—, si que abriría as portas a un

¹⁵⁷ Luengo López, Jordi, *Gozos y ocios de la mujer moderna. Transgresiones estéticas en la vida urbana del primer tercio del siglo XX*, Universidad de Málaga, Málaga, 2008, pp. 25-26.

¹⁵⁸ Ibidem.

¹⁵⁹ Atopamos artigos de opinión, como o importado da prensa madrileña e publicado por *La Voz de Galicia* para o ano 1925, no que se fan tales críticas ao novo modelo estético feminino. Unha realidade da que culpa das novas xeracións de homes por ter esquecido o ideal de conformar una familia, baixo un novo escenario no que se prima o ocio e desfrute persoal. Tamén é obxectivo de reprobación a nova estética masculina, considerada como afeminada, e as relacións máis igualitarias e directas que establecen co sexo oposto, “Miran a la mujer como a un camarada o como a un animal hermoso”. “Ellas y nosotros”, *La Voz de Galicia*, 13 de maio de 1925, p. 1.

amplio recoñecemento *de iure*¹⁶⁰. En primeiro lugar coa reforma da Lei Electoral de 1907 para 1931, que se ben aínda non permitía o exercicio do sufraxio feminino si que as establecía como posibles candidatas¹⁶¹. Dando paso a unha participación pública e activa en política de figuras fundamentais como Clara Campoamor, Margarita Nelken, Victoria Kent ou María Zambrano. Ou doutras mulleres como Carmen de Burgos, que experimentara unha evolución no seu pensamento dende iniciais premisas esencialistas en torno á figura e papel da muller, cara postulados que puñan en dúbida que a desigualdade de sexos estivera baseada nunha realidade natural e non cultural¹⁶².

Porén, se ben estas mudanzas son chave para entender o percorrido da España da II República, á súa vez foron propostas dende os altos sectores do réxime político, e non se baseaban na resolución das presións enfocadas dende o ámbito social¹⁶³. Xa que se ben este é un período no que as condicións eran máis favorables para o desenvolvemento dun movemento feminista igualitario no estado, este non contaba cun apoio comparable a outros movementos feministas occidentais, e non se chegou nunca a presentar de forma unificada, pola propia división no espectro ideolóxico. Neste sentido, o movemento feminista igualitario español da década de 1930, era unha corrente plenamente inmersa na realidade liberal republicana, pero incipiente e en continua pugna con outros modelos promovidos tanto dende a esquerda obreira, como dende o conservadorismo católico¹⁶⁴.

Estes outros modelos de entender á “cuestión feminina”, xogaban un papel fundamental no período. Como exemplo, podemos reparar no caso da provincia de Ourense durante o primeiro terzo do século XX —estudado por Julio Prada—, no que as mobilizacións femininas foron, en boa medida, protagonizadas polos sectores conservadores vencellados á igrexa, na pugna por contribuír a contrarrestar a onda secularizadora. Estas mobilizacións, e a entrada das mulleres na pugna ideolóxica, cunha maior presenza durante o período da II República, axudou

¹⁶⁰ Esta constitución recoñeceu por vez primeira a igualdade xurídica de homes e mulleres.

¹⁶¹ Montes Salguero, Jorge J., “La lucha por el sufragio: Clara Campoamor”, *Anuario de historia del derecho español*, No. 67, 1997, pp. 856-857.

¹⁶² Cibreiro, Estrella, “Del ángel del hogar a mujer moderna: las tensiones filosóficas y textuales en el sujeto femenino de Carmen de Burgos”, *Letras femeninas*, Vol. 31, No. 2, 2005, p. 54.

¹⁶³ Otero González, Uxía, *Domesticando cuerpos femeninos en el franquismo (1939-1975): la (re)modelación de la femineidad normativa y su encarnación sartorial en la transición de los cincuenta*, Tese Doutoral, Santiago de Compostela, 2021, pp. 53-54.

¹⁶⁴ Morcillo Gómez, Aurora, “Feminismo y lucha política durante da II República y la guerra civil”, en Pilar Folguera (Ed.), *El feminismo en España. Dos siglos de historia*, Editorial Pablo Iglesias, Madrid, 2007, pp. 91-94.

en boa medida á súa conversión en suxeitos políticos¹⁶⁵. É unha actuación que para autoras como Miren Llona González, se pode clasificar dentro doutra corrente feminista nunha definición máis laxa do termo —pese ás discrepancias nesta consideración—, que non buscaba un ideal de igualdade entre homes e mulleres, senón que os entendía como suxeitos distintos, de distinta natureza, e con papeis desiguais. Non obstante, isto non implica unha actitude conformista con parte das problemáticas do día a día das mulleres, que son denunciadas publicamente. Unha visión baseada, en boa medida, no pensamento de Concepción Arenal, e que se configuraría a man de diferentes personalidades no coñecido como “feminismo católico”¹⁶⁶. Acción Católica de la Mujer (ACM) é froito desta apertura da igrexa española cara a nova realidade. Un signo da preocupación da institución por neutralizar os idearios feministas igualitarios, e polos beneficios de contar cunha ampla plataforma monopolizada pola dereita conservadora.

Este foi o caso de provincias eminentemente rurais como Ourense, na que un pequeno grupo de mulleres vencelladas aos sectores católicos comezaron a ter unha incipiente presenza no espazo público. Pese a que os valores que buscaban promover activamente continuaban na liña do modelo católico e tradicional da filla e esposa, e que non chegarían a ter unha importancia real ata que se materializaron os perigos que o período republicano supoñía para a igrexa¹⁶⁷. Neste sentido, asociacións como a ACM, a Juventud Femenina de Acción Católica (JFAC), seccións femininas de Juventud de Acción Popular (JAP), ou Mujeres al Servicio de España (MSE) contaron con presenza activa e comprobable na provincia¹⁶⁸.

No referido aos sectores de esquerda en Ourense, a incidencia que tivo a presenza feminina nestas organizacións foi moi reducida, en comparación co papel que levaron a cabo as súas contrapartes masculinas¹⁶⁹. Pese a isto, Julio Prada destaca unha certa presenza militante

¹⁶⁵ Prada Rodríguez, Julio, “La represión franquista sobre las mujeres en la provincia de Ourense”, en Julio Prada Rodríguez (Ed.), *Franquismo y represión de género en Galicia*, Los libros de la catarata, Madrid, 2013, pp. 155-192.

¹⁶⁶ A concepción máis extendida de “feminismo”, cunha relevancia especial na actualidade, fundaméntase nunha visión igualitaria da situación xurídica dos individuos, independentemente do seu xénero. Porén, no pasado contamos con exemplos de reivindicacións na melloría das condicións educativas das mulleres, ou da relevancia de que contaran cun maior papel na vida pública ou social, sen buscar un ideal de igualdade. A discusión descansa en ata que punto estas correntes se poden considerar como “feministas”. Llona González, Miren, “El feminismo católico en los años veinte y sus antecedentes ideológicos”, *Vasconia: Cuadernos de historia – geografía*, No. 25, 1998, pp. 283-299.

¹⁶⁷ Prada Rodríguez, Julio, “La represión franquista sobre las mujeres en la provincia de Ourense”, pp. 155-156.

¹⁶⁸ No Arquivo Histórico Provincial de Ourense consérvase documentación acerca das actividades destas organizacións, dende correspondencia directa das directivas, a rexistros onde se incluían labores como talleres, ou a execución dunha doazón de sangue para os feridos da causa nacional por parte da sección feminina da JAP. AHPOU, Fondo Xuventudes de Acción Popular de Ourense (JAP), caixa 14.703.

¹⁶⁹ Prada Rodríguez, Julio, “La represión franquista sobre las mujeres en la provincia de Ourense”, pp. 155-192.

comprometida, especialmente relevante no PCE, en diversas asociacións estudiantís ou xuvenís —identificadas con valores pacifistas e antifascistas—, ou na Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO)¹⁷⁰. Un organismo cun grande compromiso nas renovacións pedagóxicas introducidas pola II República, e cunha importante presenza no mundo rural, converténdose en obxectivo dos sublevados¹⁷¹.

3.2.O control do corpo e da sexualidade feminina. Da II República ao Franquismo.

No referido á lexislación en materia de dereitos, a II República foi un período de numerosas aportacións, coa aprobación do divorcio, os matrimonios civís —sen necesidade de demostrar apostasía, ou que os conxugues profesaban distintas relixións—, ou o propio sufraxio feminino. Porén, coa chegada da Guerra Civil comezariáanse a promulgar, no territorio sublevado, unha lexislación activamente discriminatoria para coas mulleres, que en boa medida volvería á regulacións anteriores ás modificación e normas aprobadas dende comezos da década. Pola súa banda, nas zonas controladas por forzas afíns á República, vemos unha continuidade na promulgación de leis en beneficio da ampliación de dereitos. Un claro exemplo é a norma de interrupción do embarazo, aprobada no réxime autonómico de Catalunya para o Nadal de 1936. Tamén o posterior decreto estatal de despenalización do aborto, promulgado baixo o goberno de Largo Caballero e con Federica Montseny na carteira de sanidade¹⁷². Unha normativa en beneficio dun determinado modelo de muller, frontalmente diferenciado ao imposto polos sectores reaccionarios aló onde contaban coas forzas suficientes. Pola súa banda, nas localidades controladas polo bando nacional, atopamos constantes modificacións regresivas na lexislación no relativo á situación das mulleres. Un exemplo é o restablecemento do título I, Libro IV do Código Civil de 1889, derogado durante o período republicano¹⁷³. Unha normativa estipulada arredor das disposicións xerais do matrimonio, lexislando acerca das obrigas femininas durante o enlace, e da súa situación de subordinación ante o esposo. De

¹⁷⁰ A Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense pasou por diferentes etapas dende a súa fundación, a mediados de 1931. Neste percorrido viviuse una pugna continua entre os partidarios de outorgarlle un carácter obreiro, e aqueles que procuraban un achegamento máis moderado e “apolítico”, co que a organización nunca chegou realmente a identificarse. Cid Fernández, Xosé Manuel, “El debate político en la Escuela del Trabajo de Orense”, *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, No. 5, 1986, pp. 415-421.

¹⁷¹ Prada Rodríguez, Julio, “La represión franquista sobre las mujeres en la provincia de Ourense”, pp. 158-161.

¹⁷² Con esta lei o que buscaban era unha protección da integridade das mulleres, procurando que realizaran os abortos en centros de saúde públicos destinados para esta labor, rematando coas mutilacións e os perigos para a vida que traían consigo as prácticas abortivas clandestinas que se levaban a cabo ata o momento. “Decret pel qual es regulada la interrupció artificial de l'embaras.”, *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, No. 9, 9 de xaneiro de 1937, pp. 114-115.

¹⁷³ Moraga García, María Angeles, “Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el franquismo”, pp. 235-236.

forma semellante, reintroduciron o delito de adulterio no Código Penal de 1944, que fora eliminado con anterioridade, para o ano 1932. Este traería consigo de novo a prerrogativa dos maridos a ferir ou matar á esposa adúltera, e ao home co que levara a cabo as relacións sexuais. De igual forma se aplicou ás fillas menores de idade que inda convivían na casa familiar, así como aos seus “corruptores”, no caso de atopala mantendo relacións sexuais.¹⁷⁴ Faltas que son castigadas só coa pena de desterro, no caso de homicidio ou lesións graves, e coa exculpación de tódalas penas no caso doutro tipo de lesións¹⁷⁵.

Delitos que se configuran para ser aplicados só ás mulleres, formas de control da sociabilidade e da sexualidade feminina, unidireccionais e que non se empregan nos casos de infidelidades cometidas polos maridos. Unha regulación que se basea fundamentalmente nunha concepción patriarcal da muller, e amparada baixo as premisas dos códigos de honra tradicionais, que depositan boa parte do peso que constitúe o seu cumprimento nas mulleres, así como converte a pais e maridos nas figuras coa potestade para o control moral¹⁷⁶. As actitudes, o comportamento e as relacións son fortemente vixiadas, mulleres e fillas son portadoras da honra familiar, polo que ata pequenas desviacións intentaban ser reconducidas en moitas ocasións. Podemos atopar experiencias desta realidade en casos como o recollido por Miren Llona, baseado en parte na memoria da valisoletana Luz Lafuente, onde da conta da exacerbada autoridade de seu pai:

*“Una hermana mía —relata Luz— tenía una amiga y aquella amiga de mi hermana tenía una hermana que entró donde un dentista a trabajar y resulta que se enredó con el dentista. Entonces mi padre las separó a las dos amiguitas. Y a mí entonces me pareció mal, pues, como yo decía: ‘¡qué culpa tiene la hermana de lo que ha hecho la otra hermana!’ (pausa). Además, la amiga de mi hermana vivía con los abuelos y la hermana que se enredó con el dentista, con los padres. No vivían siquiera en la misma casa. Yo con doce años ya no lo pasaba. A mí aquello me parecía un absurdo... En aquella época... la mujer no podía deslizarse en nada... en nada, en nada, en nada, en nada, en nada”*¹⁷⁷

Esta realidade reproducécese con anterioridade ao réxime franquista ou á II República, e se ben contamos con lexislación durante o período republicano, que ía máis aló desta idea tradicional da muller e do seu papel na familia —como a propia lei do divorcio de 1932—,

¹⁷⁴ Ibidem, pp. 240-241.

¹⁷⁵ Artigo 428, dentro do Capítulo V e Título VIII “Delitos contra las personas”, Libro II. “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, Boletín Oficial del Estado, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 459.

¹⁷⁶ Llona González, Miren, “Los otros cuerpos disciplinados. Relaciones de género y estrategias de autocontrol del cuerpo femenino (primer tercio del siglo XX)”, pp. 84-85.

¹⁷⁷ Entrevista a Luz Lafuente (1901), 20 de maio de 1998 (extracto), recuperado de: Llona González, Miren, “Los otros cuerpos disciplinados. Relaciones de género y estrategias de autocontrol del cuerpo femenino (primer tercio del siglo XX)”, p. 85.

tamén contamos con outras continuidades fronte ao período da II República, e fronte aos réximes políticos anteriores. Medidas clásicas, na busca do control do corpo e da sexualidade feminina, ou que demostraban unha consideración destes como bens patrimoniais, somerxidos nun xa mencionado sistema de honra tradicional, aínda vixente.

Porén, xa dende a chegada do golpe de estado de 1936, preséntasenos un adoutramento constante e continuo da poboación que queda baixo o control sublevado. Unha imposición da moral relixiosa da igrexa católica, apoiada por unha férrea censura e unha purga, tanto humana como cultural. Neste sentido, o corpo da muller foi un obxectivo especial de control e dominación pola nova ditadura¹⁷⁸. En liña cos preceptos da igrexa católica, o novo Estado consegue unha xustificación ética e moral para a configuración do papel da muller no novo panorama político. Non so xa nun ámbito puramente espiritual, senón tamén enmarcado na necesidade do aumento da demografía, que viña en constante decadencia dende a década dos anos 30. O matrimonio aparece como unha ferramenta, cuxa finalidade non é máis que a de aportar fillos á patria¹⁷⁹.

O ideal das mulleres é o da abstinencia, un papel comedido e destinado ao ámbito do fogar, para coidar ao marido e educar aos fillos na relixión e política do réxime¹⁸⁰. Para elas non existía a posibilidade dunha sexualidade libre e dirixida fora do matrimonio, polo menos se querían conservar unha consideración social e moral alta, como mulleres de vida honesta. Á vez, a propia igrexa consideraba a dificultade de control e represión da sexualidade instintiva dos homes, o que lles outorgaba dunha tolerancia moito maior, considerándoa como un “mal menor”¹⁸¹. Neste sentido recollemos as palabras de Montse Fajardo:

“O franquismo empregou sempre unha dobre vara de medir para avaliar a falta de recato das mulleres cunha exquisitez que non se empregaba cos homes. Neles perseguíase o delito, nelas o pecado. Nelas a relixión era lei”¹⁸².

3.2.1. Os delitos de estupro. O control da sexualidade feminina no franquismo.

¹⁷⁸ Fajardo Pérez, Montse, *Caídas. Achegamento ao patronato de protección a la mujer en Galicia*, Concello de Santiago de Compostela e Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2024, pp. 9-10.

¹⁷⁹ Prieto Borrego, Lucía, *Mujer, moral y franquismo. Del velo al bikini*, Universidad de Málaga, Málaga, 2018, pp. 15-17.

¹⁸⁰ Moraga García, María Angeles, “Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el franquismo”, pp. 231-232.

¹⁸¹ Prieto Borrego, Lucía, *Mujer, moral y franquismo. Del velo al bikini*, pp. 16-17.

¹⁸² Fajardo Pérez, Montse, *Caídas. Achegamento ao patronato de protección a la mujer en Galicia*, p. 9.

Un destes exemplos do control do corpo feminino podémolo observar a través do análise dos delitos de estupro. Unha tipoloxía abundante tanto nos libros de rexistro da Audiencia Provincial de Ourense, como nas sentenzas xudiciais publicadas na provincia cada ano. Unha falta que pena o mantemento de relacións sexuais entre homes e mulleres baixo diferentes causas, e que foi evolucionando na súa concepción. Dende un inicial punto de partida como un termo aglutinante de todos aqueles comportamentos sexuais ilegais (como o adulterio), a perfilarse como definición daquelas relacións sexuais ilegais con mulleres solteiras ou viúvas de honesta consideración moral e social, e mediante formas de sedución ou conquista non violentas¹⁸³.

Partimos da base de que tales delitos se constitúen durante o século XX, e con anterioridade ao mesmo, como claras evidencias das formas de control da socialización e sexualidade da muller. Polo tanto, transmítennos unha visión fundamental dos códigos de comportamento aos que estaban sometidas dentro das sociedades rurais da provincia de Ourense.

Para acoutar a propia definición e aplicación do delito de estupro, teremos en conta os catro Códigos Penais en vigor dende finais do século XIX, ata case finais do franquismo. Estes son os textos de 1870, 1928, 1932 e 1944. Neste sentido, os delitos de estupro, durante todo o século XX, regulan as relacións sexuais entre mozas menores —maiores de 12, 16 ou 18 anos e menores de 23 anos de idade, dependendo do Código Penal—, cun segundo individuo masculino, do que non se fai mención acerca da súa idade.

En primeiro lugar, cabe destacar os tipos de delito de estupro existentes. Os catro códigos penais citados, contan cun apartado específico para os delitos de estupro, exercidos por aquelas figuras que deberan constituír unha salvagarda para a afectada, no caso de que teñan relacións coa menor, como é o caso do titor, mestre, párroco ou criado doméstico. Da mesma forma considérase como estupro todas as relacións sexuais entre individuos —home e muller— en primeiro e segundo grao de consanguinidade, independentemente da idade da muller que participa nestas relacións. Como aparece recollido no artigo 438 do Código Penal de 1932:

*“incurrirá el que cometiere estupro con su hermana o descendiente, aunque sea mayor de veintitrés años”*¹⁸⁴.

Un escenario distinto é o establecido naquelas relacións sexuais con mozas menores, nas que non se deron os casos de abuso por figuras adultas, que debían actuar de salvagardas coa

¹⁸³ Collantes de Terán de la Hera, María José, *El delito de estupro en el derecho castellano de la Baja Edad Moderna*, Dykinson, Madrid, 2012, pp. 19-20.

¹⁸⁴ “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de noviembre de 1932, p. 847.

moza, nin casos de incesto. Estes son os supostos que perseguen as relacións sexuais nas que intervén o “engano grave”, chave ao acceder a ditas prácticas. Engano que pode ser a través de proposicións explícitas de matrimonio, ou de actos, como o de darse a ver en parella cunha importante presenza en festas, bailes ou outros tipos de ámbitos sociais, ou relacións próximas do home cos pais da moza, que fagan pensar a esta que manteñen unha relación estable encamiñada cara o matrimonio, e remate por ceder ás pretensións masculinas de manter relacións extramatrimoniais.

O que nos enmarca nunha concepción tradicional da sexualidade feminina e das relacións amorosas, seguindo un ideal moral moi claro, na que as relacións de conquista son unidireccionais de homes a mulleres, co obxectivo do matrimonio. Tamén se configura como unha política en boa medida infantilizante con respecto ás propias mozas. Cabe incidir en que, pese ao amplo marco de idade que se recolle nos Código Penal de 1932 e 1944, de maiores de 12 anos e menores de 23, a maioría das causas por estupro recollidas na provincia son con mozas maiores de 16 anos, en moitos dos casos con parellas de idades semellantes. Neste sentido, vemos ata que punto se fiscaliza a sexualidade, por esta propia concepción da honra da familia. Neste tipo de delitos sempre contamos con dous suxeitos inmutábeis, que pese a non presentarse explicitamente, danse por suposto, tanto na redacción como na interpretación do código. Por unha banda, temos o suxeito pasivo, que o configura calquera muller no rango de idade xa establecido. Por outra, os suxeitos activos, que son sempre homes sen unha caracterización específica do seu rango de idade, máis aló de que sexan maiores dos 16 anos, debido a que doutra forma serían considerados como inimputables¹⁸⁵.

No referido xa propiamente ao período franquista, durante os primeiros anos da ditadura a persecución do estupro estivo regulada polos Capítulos III, IV e V, pertencentes ao Título X, Libro II do Código Penal de 1932, que recollía tamén á lexislación sobre a corrupción de menores e o rapto¹⁸⁶. Un texto amparado baixo a legalidade aprobada pola II República, e que se mantería ata a aprobación da Lei do 6 de novembro de 1942, recollida posteriormente no Código Penal de 1944¹⁸⁷.

Neste sentido, no presente traballo estudamos os delitos de estupro cunha sentenza firme, tanto condenatoria como absolutoria, producidos na provincia de Ourense entre as datas de

¹⁸⁵ Boix Reig, Javier, *El delito de estupro fraudulento*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1979, pp. 106-107.

¹⁸⁶ “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de noviembre de 1932, p. 847.

¹⁸⁷ Boix Reig, Javier, *El delito de estupro fraudulento*, pp. 51-53.

1941 e 1960. En todos eles se reproducen feitos moi semellantes. Un exemplo é a sentenza do xulgado de primeira instancia de Ourense, do 27 de agosto de 1942, que recollía os feitos da causa No. 18 de 1939¹⁸⁸. Esta instancia lévase a cabo en contra dun mozo da localidade da Peroxa, onde se inscriben os feitos, que para a data na que estes ocorreron, o ano 1937, contaba con 19 anos de idade. A mesma idade que a moza que actúa como suxeito pasivo ou “perxudicada” na causa. Ambos comezaran unha relación amorosa con 15 ou 16 anos, porén, a medida que avanzaba a relación, e que se repetían as promesas de matrimonio por parte do acusado, este “logrou vencer a resistencia” da moza, mantendo relacións sexuais, tras as que quedaría embarazada, dando a luz a unha crianza para a primeira metade de 1938. Este é o punto no que o mozo remata coa relación sen facerse cargo da filla que teñen en común, e polo tanto, tamén coas promesas de matrimonio, que fican inconclusas.

Nesta primeira sentenza, regulada aínda baixo o Código Penal de 1932, podemos ver varios dos puntos chave que compartirá con outras moitas causas posteriores. Un deles é o embarazo da denunciante, que se configura como o detonante da causa, proba última da súa mera existencia, e razón de denuncia na maioría das causas por estupro, como un factor de case imposible disimulo.

No respecto ás mudanzas do Código Penal republicano ao franquista, para novembro de 1942 dáse un cambio legal fundamental no referido á regulación do estupro, e recollido no posterior Código Penal de 1944, xa aprobado integramente na ditadura. Neste sentido, a nova norma traerá consigo unha serie de mudanzas do propio delito, que repasaremos a continuación, se ben constitúe máis unha continuidade co Código Penal de 1932, que non un cambio especialmente notorio. O novo Código Penal recolle ao estupro conxuntamente cos delitos de corrupción de menores, dentro do capítulo III do título IX —referido ás faltas contra a honestidade—, e á súa vez, dentro do Libro II¹⁸⁹.

Nesta nova lexislación mantense os puntos fundamentais xa recollidos no código de 1932. O estupro segue a ter como único suxeito activo do delito aos individuos masculinos, sendo sempre as mulleres de entre 12 e 23 anos de idade ás vítimas. Mantense a consideración de estupro, no caso de abusos por parte de homes que tiñan que cumprir coa salvagarda da menor. Tamén a consideración de estupro en caso de relacións en primeiro e segundo grado de consanguinidade, independentemente da idade do individuo feminino. Relacións que, ao igual

¹⁸⁸ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1942, sentenza do 27 de agosto de 1942.

¹⁸⁹ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 459.

que no Código Penal de 1932, teñen que ser sempre entre irmáns —home e muller—, ou de pai a filla¹⁹⁰.

As maiores diferenzas veñen no referido ao mantemento de relacións sexuais con mulleres menores de idade mediante engano. Introdúcese un novo tramo de idade, no que as relacións con maiores de 12 anos e menores de 16 pasa a considerarse directamente como unha causa de estupro, e o engano pasa a configurar un agravante. Pola súa parte, no caso das menores de 23 anos pero maiores de 16, o estupro só existe cando media o engano. De igual forma, engádese un novo factor, o da “muller honesta” no texto de 1942, ou a “acreditada honestidade” no Código Penal de 1944. Un novo condicionante que o individuo pasivo ten que cumprir nalgúns preceptos recollidos pola lei, para que chegue a existir a posibilidade dunha causa real¹⁹¹

“Art. 436. El estupro cometido por cualquiera otra persona con mujer mayor de dieciséis años y menor de veintitrés, interviniendo engaño, será castigado con arresto mayor.

Será castigado con igual pena el que tuviere acceso carnal con mujer mayor de doce años y menor veintitrés, de acreditada honestidad, abusando de su situación de angustiosa necesidad.

(...)

Art. 437. El patrono o jefe que, prevalido de esta condición, tenga acceso camal con mujer menor de veintitrés años de acreditada honestidad, que de él dependa, será castigado con arresto mayor.”¹⁹²

Este pode parecer un factor menor, pero configúrase como un claro mecanismo de control social, amparado na autovixilancia da poboación, que introduce a ditadura seguindo o seu férreo código moral, e o seu modelo ideal da muller.

No respecto ao percorrido dos feitos, é fundamental para a defensa da vítima probar a existencia dunha relación, que puidera causar esa impresión de engano na moza, e que a conducira a manter relacións carnis fora do matrimonio. Neste sentido atopamos sentenzas como a do 23 de marzo de 1955, procedente da causa No. 52 de 1953, do xulgado de Viana do Bolo. Nela recollese a relación entre Aniceto G. G. e Lilia del Pilar Gumersinda L. N., de 49 e 23 anos respectivamente, para a data na que se redacta o documento. Porén, esta relación dera comezo sobre os anos 1947 ou 1948, cando contamos cunha relación de idades de 43 anos e 15 respectivamente¹⁹³. Neste caso atopamos a unha moza, da que se especifica que provén dun

¹⁹⁰ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, pp. 459-460.

¹⁹¹ Boix Reig, Javier, *El delito de estupro fraudulento*, pp. 51-53.

¹⁹² “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, p. 459.

¹⁹³ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1955, sentenza do 23 de marzo de 1955.

núcleo familiar honrado, en estado civil solteira, e consideración honesta, que comezaría unha relación “coñecida e aceptada” polos proxenitores da rapaza, e da que dende un comezo se da conta nas festividades e reunións sociais da zona, dándose a ver como parella. A concorrente presenza destes en “romerías y demás lugares de esparcimiento” e as visitas ao fogar familiar do noivo, que da mostra tanto do tempo da relación como da formalidade desta, así como os agasallos, en forma dunha pulseira coas iniciais da moza gravadas nela —da que as xentes da zona dan conta—, empréganse como a xustificación de que Lilia rematara por acceder ás peticións do procesado de manter relacións sexuais, dando por sentado a final realización do matrimonio.

Neste sentido non nos interesa tanto a maior ou menor credibilidade da fonte como tal, ou de que os feitos sucederan nesta concatenación de eventos. Partimos dun claro convencemento de que a propia disparidade de idades trae consigo un abuso implícito dende a posición masculina, como se da constancia na mesma causa:

“destacando el engaño por la corta edad de la ofendida, cuando comenzaron las relaciones amorosas, así como por la diferencia de edad entre ofendida y ofensor, que supone en esta un mayor poder de captación de la voluntad”¹⁹⁴.

Tamén da posible existencia de elementos, como o papel da familia, dos que non se nos dan grandes datos, e que puido efectuar tamén toda unha serie de presións que non aparece representadas na narración dos feitos. O que nos interesa desta causa é o propio relato, como é transmitido, e o papel que cada unha das partes xoga dentro del. Dende como se representa ás sociedades locais rurais, como testemuñas de feitos, no que o ambiente lúdico e de encontro social xoga un cometido chave. Ou como se representa á menor, como unha figura pasiva na que só a súa inocencia, en conxunto co engano do denunciado, a leva a cometer un acto tan moralmente reprobable como son as relacións carnais extramatrimoniais. Neste caso, o detonante da denuncia é a rotura das relacións por parte do home tras o anuncio do embarazo da moza, que da como froito un meniño, nado para o ano 1953. Unha proba acusatoria do acceso carnal.

Esta mesma causa tamén nos refire a un feito que xa destacamos, como é o papel que xoga baixo o Código Penal de 1944, o xuízo á honra da moza. Na sentenza, como parte das consideracións do xuíz, establécese como non probado o intento por parte do acusado de demostrar unha suposta “vida licenciosa” da denunciante. Liña da defensa seguida polo

¹⁹⁴ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1955, sentenza do 23 de marzo de 1955.

procesado de sobreeser a causa á súa favor, táctica que se describe no propio documento como “harto frecuente en los que se hallan en su misma situación”¹⁹⁵. Dificultado máis aínda polo exame médico realizado á moza, no que a non rotura do hime se vencella a un acto carnal “incompleto”. Máis aló da veracidade deste feito, e da propia consideración do que comportaban as relacións sexuais no momento, esta revisión médica axuda inda menos á credibilidade de Aniceto, pese ás testemuñas e documentos presentados polo acusado para probar esa suposta vida de libertinaxe da denunciante.

Se dita defensa do acusado non prospera, e se proba a súa culpabilidade, existía para el unha saída para saldar a pena nos delitos de estupro con probado engano: o matrimonio. Xa que o obxectivo último nestes casos, era buscar protexer a moral e a honra familiar, así como o modelo católico de familia. Atopamos mostras desta realidade, por exemplo na causa No. 863 de 1945 do xulgado de Allariz, na que a causa acaba por sobreeserse, grazas á confesión do mozo de que presionou á vítima para a consumación de relacións sexuais baixo promesas de matrimonio, que posteriormente pensaba non levar a cabo, pero remata por pedir que se retire a causa baixo a promesa de cumprir co acordado coa moza e a súa familia¹⁹⁶. Desta forma o pai da estuprada e a mesma moza, as figuras que constitúen a parte afectada deste tipo de denuncias na maioría dos casos, rematan por retirar os cargos. Finalmente, a propia causa recolle o certificado de matrimonio, na vila de Allariz para finais de outubro do mesmo ano, como base do seu peche.

O análise das causas —con ou sen sentenza publicada—, transmítenos moita máis información acerca do seu proceso de investigación, e do papel de cada un dos elementos que nelas tomaban forma. Estas denuncias, independentemente da tipoloxía de estupro que delas sobresaíse, conformábanse grazas unicamente ás declaracións de conveciños e persoas dos ámbitos do denunciado e da denunciante. Xa mencionamos con anterioridade, como as estratexias dos denunciados adoitaban constituírse en torno a desacreditar as mozas, e os procesos formábanse arredor do comportamento moral desta, non do procesado.

As preguntas fundamentais sempre vesaban ao redor da relación da denunciante co denunciado, así como do seu comportamento na comunidade, que era fiscalizado co obxectivo de confirmar a paternidade do feto. Se as testemuñas daban conta de anteriores mozos, ou da relación próxima da denunciante con outro individuo da zona, era máis probable que se

¹⁹⁵ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1955, sentenza do 23 de marzo de 1955.

¹⁹⁶ AXTOU, Fondo Rollos de sala, causa No. 863 do xulgado de Allariz, 30 de xullo de 1945.

considerara a paternidade non probada e o denunciado fora absolto. Pola súa banda, a defensa da moza, procuraba centrarse en probar a culpabilidade do home, demostrando as manifestacións da vontade de casamento deste. Ben en cartas enviadas á denunciada, que son recollidas na causa como proba, ou noutros elementos como fotografías, enviadas con cariñosas declaracións anotadas pola parte de atrás.

No respecto ao papel do embarazo nestas causas, este conta cunha presenza maioritaria na maioría das sentenzas estudadas, como xa mencionamos con anterioridade. Fronte a esta realidade, queremos destacar a sentenza publicada o 15 de outubro de 1960, procedente da causa No. 29 de 1960 do xulgado de Verín. Nela recóllese o encontro sexual entre Castor M. L. coa moza María del Carmen M. G., con 18 e 15 anos de idade respectivamente, para o momento no que se deron os feitos¹⁹⁷. Unha relación efectuada para o mes de abril do mesmo ano, cando Castor abandonaría a taberna da aldea de Caldeliñas (Verín), propiedade do tío da menor e, coñecendo a presenza da mesma nas estancias do piso superior, subiría e mantería relacións sexuais coa moza, sendo atopados no acto pola nai de M^a del Carmen. Esta é dos poucos casos atopados, con sentenza na provincia, no que non intervén un embarazo como detonante da causa, polo propio coñecemento da proxenitora das relacións sexuais, presentándose como a denunciante dos feitos.

Non obstante, nin este coñecemento da familia chegaba a constituír tampouco unha garantía para que se realizara a denuncia dos feitos, debido a que en ocasións chegaban a consentir as relacións sexuais, se estas conducían ao matrimonio en última instancia. Este foi o caso recollido na causa No. 12 de 1946, procedente do xulgado de Viana, contra Josefa Y. R., acusada e condenada dun delito de “corrupción de menores”. Un castigo cara o seu consentimento nas relacións sexuais de súa filla cun home da localidade, tras descubrir que a moza estaba embarazada, co que buscaba evitar a deshonra da filla intentando asegurar o seu futuro matrimonio¹⁹⁸.

3.2.2. O delito de Aborto

No referido á situación legal do aborto, se ben se despenalizou nos territorios controlados pola república para o ano 1937, esta regularización nunca se chegou a aplicar á provincia de Ourense, que ao igual que o resto da rexión galega estaba en mans das tropas sublevadas dende

¹⁹⁷ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1960, sentenza do 15 de outubro de 1960.

¹⁹⁸ ATXOU, Libro de Sentenzas de 1946, sentenza do 18 de novembro de 1946.

o 20 de xullo de 1936. Polo tanto, daríase unha continuidade da penalización da interrupción do embarazo entre ambos sistemas políticos, pero non nos mesmos termos, nin baixo os mesmos tipos de condenas. A continuación levaremos a cabo un exercicio comparativo entre o Código Penal republicano de 1932, e o Código Penal franquista de 1944, para comprobar en que medida mudou a restrición do aborto. Cabe ter en conta que o código penal de 1944 recolle á súa vez, un regulamento máis amplo, acerca da prohibición do aborto e das medidas anticonceptivas, da Lei do 24 de xaneiro de 1941 *Para la protección de la natalidad contra el aborto y la propaganda anticoncepcionista*. Un texto que ilegalizaba o aborto así como o emprego de medidas anticonceptivas e calquera publicidade que se realizara das mesmas, procurando aumentar aínda máis o control franquista sobre o corpo das mulleres, baixo o pretexto da necesidade do aumento demográfico¹⁹⁹.

Ambas as dúas normas configuran un dobre sistema punitivo neste tipo de intervencións, por unha banda destinado á muller que interrompe a xestación de forma consciente e consentida, e por outra a todas aquelas persoas que interveñen en tal proceder. Porén o texto de 1944 é moito máis restritivo e punitivo para este tipo de prácticas. En primeiro lugar, atopamos un reforzamento daquelas penas impostas, a quen intervén activamente no proceso interrupción da xestación. Recollidas nos tres primeiros supostos do artículo 417, do texto republicano:

“Artículo 417. El que de propósito causare un aborto será castigado:

- 1º Con la pena de prisión mayor, si ejerciere violencia en la persona de la mujer embarazada.
- 2º Con la pena de prisión menor si, aunque no lo ejerciera, obrase sin consentimiento de la mujer.
- 3º Con la de arresto mayor, si la mujer lo consintiera.

Cuando, a consecuencia del aborto, resultare la muerte de la mujer embarazada, se impondrán las penas respectivas en su grado máximo, siempre que hubiere mediado imprudencia y no correspondiere mayor pena conforme al artículo 558.”²⁰⁰

Recollida, á súa vez, no artigo 411 do código penal franquista:

“Art. 411. El que de propósito causare un aborto será castigado:

- 1.º Con la pena de prisión mayor si obrare, sin consentimiento de la mujer.
- 2.º Con la de prisión menor si la mujer lo consintiera.

¹⁹⁹ Lopez Fernández, Tamara, “Aunque me cueste la vida. El aborto en Lugo durante el franquismo (1945-1966)”, *Arenal: Revista de historia de las mujeres*, Vol. 29, No. 2, 2022, pp. 653-654.

²⁰⁰ “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de novembro de 1932, p. 846.

Si se hubiere empleado violencia, intimidación, amenaza o engaño para realizar el aborto en el primer caso, o para obtener el consentimiento en el segundo, se impondrá en su grado máximo la pena de prisión mayor. Cuando a consecuencia de aborto, o de prácticas abortivas realizadas en mujer no encinta, creyéndola embarazada, o por emplear medios inadecuados para producir el aborto, resultare la muerte de la mujer o se le causare alguna de las lesiones a que se refiere el número 1º del artículo 420, se impondrá pena de reclusión menor, y si se le causare cualquiera otra lesión grave, la de prisión mayor.”²⁰¹

Con isto, atendemos ao endurecemento das penas naqueles abortos que se realizan sen o consentimiento da embarazada que, sempre que non medie ningunha práctica violenta ou a morte da muller por causa de imprudencia no proceso, pasan de constituír penas de prisión menor a prisión maior. De igual forma ocorre con aquelas prácticas de aborto consentidas pola embarazada, que pasan de supor o arresto maior no código republicano, á prisión menor no texto franquista.

No referido ás penas contra a embarazada, que executa ou consente a realización das prácticas abortivas, estas tamén mudan. Mentres no Código Penal de 1932 as penas son máis limitadas:

“Artículo 418. La mujer que causare su aborto o consintiere que otra persona se lo cause, será castigada con arresto mayor.

Artículo 419. Cuando la mujer causare su aborto o consintiere que otra persona se lo cause para ocultar su deshonra, incurrirá en la pena de arresto mayor en su grado mínimo.”²⁰²

Estas aumentan no caso do Código Penal de 1944:

“Art. 413. La mujer que produjere su aborto o consintiere en que otra persona se lo cause, será castigada con la pena de prisión menor.

Art. 414. Cuando la mujer produjere su aborto o consintiere que otra persona se lo cause para ocultar su deshonra, incurrirá en la pena de arresto mayor.

Igual pena se aplicará e los padres que, con el mismo fin y con el consentimiento de la hija produzcan o cooperen a la realización del aborto de ésta. Si resultare muerte de la embarazada o lesiones graves, se impondrá a los padres la pena de prisión menor.”²⁰³

²⁰¹ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, pp. 457-458.

²⁰² “Ley del 27 de octubre de 1932 para publicar el Código Penal”, *Gaceta de Madrid*, No. 310, 5 de novembro de 1932, p. 846.

²⁰³ “Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944”, *Boletín Oficial del Estado*, No. 13, 13 de xaneiro de 1945, pp. 457-458.

